



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E TRES (23) DE XANEIRO DE 2024

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:00 h. do día 23 de xaneiro de 2024, ten lugar sesión extraordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanesa Domínguez de la Iglesia.
- D. Jorge Platas Casal.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Díez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.
- Non asisten:
- D^a M^a José Varela Neira, concelleira do grupo municipal “Alternativa dos Veciños”.
- D. Pablo Cibeira Taboada, concelleiro do grupo municipal “Alternativa dos Veciños”.

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.





CONCELLO DE
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o sr. alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2024000237, de 18 de xaneiro, que son os seguintes:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 30 de novembro de 2023.
- 2º.- Aprobación se procede da participación do Concello no Plan Provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos). POS+2024.
- 3º.- Aprobación se procede da participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.
- 4º.- Adopción de acordo en orde ó sorteo dos membros das mesas electorais para as eleccións autonómicas que terán lugar o día 18 de febreiro de 2024 e delegación na Xunta de Goberno Local do sorteo dos membros das mesas para os procesos electorais que teñan lugar durante o ano 2024.
- 5º.- Adopción de acordo, se procede, de imposición e ordenación de contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios.
- 6º.- Dar conta do informe de morosidade, conforme ó art. 12.2 da Lei 25/2013 (Plan Anual de Control Financeiro 2023).
- 7º.- Dar conta do informe definitivo de control financeiro da Oferta de Emprego Público 2023.
- 8º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2023005978 ata o nº 20230064847 e desde o 2024000001 ata o 2024000211.
- 9º.- Mocións, rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 30 de novembro de 2023

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Solicita a palabra a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalándolle o alcalde, D. **Ángel García**, que se ten que engadir algo máis ó escrito presentado sobre a acta e ó que lle deu resposta a secretaria municipal rexeitando tódalas peticións contidas no mesmo.

Neste intre prodúcese debate entre a voceira do grup “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, e o alcalde, D. **Ángel García**, dado que a primeira quería intervir non dándolle a palabra o alcalde, se non ía dicir nada diferente ó escrito por rexistro presentado e que foi xa contestado negativamente e notificado por escrito pola secretaria do concello. Ademais, o alcalde advertiu que non ía permitir intervencións que nada tiveran que ver cos asuntos a tratar ó longo da sesión plenaria.

Ó non engadir nada novo a voceira do grupo “Socialista”, o alcalde orde a que se pase á votación amosándose o resultado de **dezasete (17) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dous (02) votos en contra** (dous (02) do grupo municipal “Socialista” o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o día 30 de novembro de 2023*.





CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 2.- Aprobación se procede da participación do Concello no Plan Provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos). POS+2024

Expón o asunto a 2ª Tte. de alcalde do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, Dª **Margarita Figueroa**, explicando que se achega o acordo de participación no Plan Provincial ás obras e servizo de competencia municipal POS+ 2024, que como tódolos anos traemos unha parte de axuda ó gasto corrente municipal, en concreto, 568.342,26 €, que se destinan fundamentalmente á axuda para a prestación dun gasto moi importante no orzamento municipal como é o servizo de limpeza viaria.

No que atinxe á outra parte do Plan, achega provincial de 2023, propónse a execución da obra denominada “Acondicionamento e pavimentación das Rúas Vila, Atochas e Campo do Souto, en Iñás” que conta cun importe total de execución da obra de 503.247,05 €, que se desglosan cunha aportación municipal: 62.491,83 €; outra aportación con cargo ó POS: 440.755,22 €, o que representan os 503.247,05 € totais.

Ademais, para o caso de que houbera maior aportación da Deputación provincial, propónse aprobar 4 obras máis no Plan Complementario:

- 1) Renovación dos tramos de impulsión e baixada do depósito circular de Edreira dende a Rúa do Pazo, por un importe de 228.622,42 €.
- 2) Renovación da rede xeral de abastecemento de auga na Avda. Salvador Allende (Nós), por un importe de 450.332,62 €.
- 3) Renovación da tubería de abastecemento na Avda. Rosalía de Castro, en Lamastelle, por un importe de 400.000 €.
- 4) Instalación de alumado público na Rúa Curros Enríquez, na coñecida como estrada da Besa, por un importe de 100.143,07 €.

Finalmente, os demais acordos a aprobar son os tramites ordinarios para a xestión do propio POS e que obra no expediente.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, Dª **Mª Dolores Silva**, anunciando o voto favorable do seu grupo porque as obras de acondicionamento de viais parécenlle importantes, así como as obras de renovación da rede de abastecemento de auga e de sumidoiros e das que o seu grupo veu reclamando sucesivamente nas sesións plenarias.

Gustaríalles facer fincapé non so na posibilidade de que estas actuacións sexan extensibles a outras zonas, aínda que xa na comisión informativas se lles informou que esa sería a intención para sucesivos Plans de Obras e Servizos, pero solicitan que se poida contemplar a posibilidade da instalación da rede de sumidoiros nas zonas existentes do concello onde non exista este servizo e que, se non está mal informada, deben ser arredor unha ducia.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, anunciando a abstención do seu grupo, dado que xa con motivo da aprobación do orzamento municipal para este exercicio 2024 dixeron que se trata dun orzamento carente de ambición, ilusión, de proxecto e dun rumbo claro para o futuro municipal, que viñan sendo un corta e





CONCELLO DE
OLEIROS

pega do exercicio pasado, limitándose a incrementar partidas a costa de aumentar a presión fiscal da veciñanza cunha subidas de taxas de ata un 8,9% para pagar, ó fin e ó cabo os caprichos do alcalde.

Dixeron tamén que houbo unha serie de erros na tramitación de importantes subvencións para obras como a da senda de Iñás, en Nós, por non acadar os limiares mínimos na puntuación requeridos en cada fase ou na obra do Mercado Municipal, erro político de xestión que segue sen asumir ninguén e xa pasaron uns cantos meses, e que privan ó concello de preto duns 2 millóns de euros.

No documento orzamentario e no que atinxe ó Capítulo VI, de investimentos, que hoxe tamén achegan a esta sesión plenaria e anunciaron que o que ía deixar este goberno municipal para o futuro é unha herdanza envenenada, que vai hipotecar o futuro dos oleirenses porque pérdese a oportunidade de facer investimentos no necesario, no que é investimento real, porque agora neste POS solicítase que unha parte importante sexa adicado a gasto corrente ¿Por qué? Porque o 13% do orzamento total de Oleiros vaise adicar este ano á construción do edificio multiusos...

Neste intre o alcalde, D. **Ángel García**, sinalalle ó concelleiro Sr. Fernández que se ciña ó asunto do POS e de non facelo, terá que lle retirar a palabra...

Segue en uso da palabra o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que é evidente que o alcalde non quere escoitar isto, porque a obra do auditorio vai custar preto de 12 millóns de euros; 300.000 € que vai custar a dirección de obra; outros 100.000 € que custou a redacción do proxecto e ó final, con iso, pérdese a posibilidade de investimento noutro tipo de cuestións e debido a isto, tirando de recursos provintes da Deputación provincial por fin o goberno municipal adícase a facer obras de investimento real pero anticipa que o seu grupo vai seguir sendo exixente con este tipo de obras e van pedir, vía moción, que se remate coa política de chapa e pintura e que previo ó asfaltado dunha rúa que se renove o que non se ve, que se renove o saneamento, novas infraestruturas, que se renove o abastecemento de auga e que se instale un saneamento separativo, dado que é unha das grandes eivas coas que conta Oleiros e sí, todo isto, ten que ver con temas de investimento, co POS, co Capítulo VI do orzamento municipal e ó final virán co debate de que sexa o concello ou sexa a deputación que as fai, pero o que está claro é que quen as fai é quen as paga.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que acondicionamento e pavimentación de rúas, renovación de tubaxes, redes de abastecemento, instalación de alumado público, renovación de tramos de impulsión e baixada a un depósito e augas como é o da Edreira, moitas das iniciativas que trouxo o BNG a este pleno e polo tanto, coas que están a favor e de aí o seu voto favorable.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, salientando que en canto ás intervencións dicirlle ó representante do PSOE que dixo que non se achegaban obras de infraestruturas, non sabe moi ben ó que veñen a este pleno porque parece que non se enteraron do proposto, por iso volve a repetir as obras qu se achegan a aprobar e que son “Acondicionamento e pavimentación das Rúas Vila, Atochas e Campo do Souto, en Iñás”, máis de 503.000 €; “Renovación dos tramos de impulsión e baixada do depósito circular de Edreira, dende a Rúa do Pazo”, máis de





CONCELLO DE
OLEIROS

228.000 €; “Renovación da rede xeral de abastecemento de auga na Avda. Salvador Allende (Nós)”, máis de 450.000 €; “Renovación da tubería de abastecemento na Avda. Rosalía de Castro, en Lamastelle”, 400.000 € e “Instalación de alumado público na Rúa Curros Enríquez”.

É dicir, claro que se están renovando infraestruturas que quedaron antigas e se están acondicionando para uso da veciñanza, isto é o investimento que fai o concello e non a deputación, obras que decide o concello e a deputación o que ten que facer é darlles o cartos que son dos concellos, ó igual que fai o Estado ou a Xunta de Galicia. Con todo ese financiamento o goberno municipal aborda as obras que estima convinte e que considere prioritarias, o concello, non o presidente da deputación provincial, nin ninguén máis.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 18 de xaneiro de 2024, acadándose o resultado de **dezasete (17) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”) e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2024” e á “achega provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	568.342,26.-
Achega provincial 2023 (excepción da base 2.1 final)	-----
Subtotal gasto corrente	568.342,26.-

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2024					

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
---	-------------------------------	--	--	--	--





CONCELLO DE
OLEIROS

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Acondicionamento e pavimentación das Rúas Vila, Atochas e Campo do Souto (Iñás)	440.755,22.-	62.491,83.-		62.491,83.-	503.247,05.-
Subtotal investimentos achega provincial 2023	440.755,22.-	62.491,83.-		62.491,83.-	503.247,05.-

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

440.755,22.-
1.009.097,48.-

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	-----
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	-----
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	-----

D) Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total Concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	568.342,26.-				568.342,26.-
	Achega 2023 (Excep. base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024					
	Achega 2023	440.755,22.-	62.491,83.-		62.491,83.-	503.247,05.-
C- REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024					
	Achega 2023					
D- TOTAL	Achega 2024	568.342,26.-				568.342,26.-
	Achega 2023	440.755,22.-	62.491,83.-		62.491,83.-	503.247,05.-
	TOTAL	1.009.097,48.-	62.491,83.-		62.491,83.-	1.071.589,31.-

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostíbeis que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:





CONCELLO DE
OLEIROS

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Renovación dos tramos de impulsión e baixada do depósito circular de Edreira dende a Rúa do Pazo	228.622,42.-		228.622,42.-
Renovación da rede xeral de abastecemento de auga na Avda. Salvador Allende (Nós)	450.332,62.-		450.332,62.-
Renovación da tubería de abastecemento na Avda. Rosalía de Castro en Lamastelle	400.000,00.-		400.000,00.-
Instalación de alumado público na Rúa Curros Enríquez	100.143,07.-		100.143,07.-
TOTAIS	1.179.098,11.-		1.179.098,11.-

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo.- Facultar expresamente ó alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Punto 3.- Aprobación se procede da participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios

Expón o asunto a 2ª Tte. de alcalde do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, Dª **Margarita Figueroa**, explicando que este é a parte do POS que se dedica especificamente a servizos sociais de carácter extraordinario e nos que a Deputación asignounos para este exercicio 2024 162.383,50 €, que no caso deste concello vanse destinar todos ó apartado b) do POS Adiucional e que se concreta na “Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e todos aqueles que consideren os servizos sociais municipais”.





CONCELLO DE
OLEIROS

Dado que neste apartado contémlase tódolos programas asistenciais que se desenvolven por parte do Departamento Municipal de Servizos Sociais e Igualdade, este é o acordo que se achega ó pleno ademais dos demais acordos que proceden para a súa materialización e xestión propia ante a institución provincial.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que o seu grupo votará favorablemente porque consideran que todo o que atinxe ó departamento de servizos sociais é unha necesidade e unha prioridade que se debe abordar.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, dicindo que efectivamente ten razón o alcalde cando dí que él decide, o goberno municipal de Alternativa dos Veciños decide, e decidiron gastarse 12 millóns de euros no auditorio, co que marca as prioridades e si se adican a este investimento non se poden destinar a outras cuestións...

Vólvese ó mesmo, o goberno municipal achegou un orzamento que se aprobou no mes de outubro e nél márcanse unhas prioridades e agora solicítase esta achega provincial para gastos sociais pero, ó final, son gastos deste carácter pero tamén temas de servizos. O goberno municipal é quen ten a maior proximidade coa cidadanía, quen ten que respostas ás situacións de emerxencia social, que ten que dar resposta a unha serie de problemas que xurden en moitos casos por infradotazón da Xunta de Galicia, sendo certo que os concellos ás veces teñen que se facer cargo de competencias que non son propias.

Aínda así, un goberno municipal progresista e sobre todo empático, ten que atender a quen máis o necesita para superar un bache que, por certo, pode pasarlle a calquera. Por iso, por unha banda, de acordo con que se dediquen estes cartos a estes fins pero, por outro, teñen que remarcar novamente que a xerarquía de prioridades deste goberno municipal fai que haxa que recorrer á Deputación provincial para paliar estas carencias e completar estas partidas. Este ven sendo un motor que precisa axustes sen dúbida, como o caso da vivenda, que tamén é unha das cuestións que se atenden con estes fondos, situacións de emerxencia habitacional, nun concello que ten decidido especular cos terreos municipais ó mellor postor, en vez de facilitar a construción de vivenda asequible, pero como traen unha moción para falar deste tema, déixano para logo.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, salientando que a Deputación provincial ten como función prioritaria a cooperación e asistencia ós concellos, impulsar as medidas que axuden ós concellos a garantir a cobertura integral dos servizos públicos para a veciñanza e ás veces non entende moi ben cal é o problema, porque a Deputación pode dar publicidade e información onde inviste os seus cartos ós oleirenses, ós cullerdenses e a tódolos concellos da provincia da Coruña e iso non quer dicir que sexan políticas da Deputación provincial, senón que son políticas de seu, o mérito ou demérito é dos Concellos, por exemplo “Alfaroleiros” é unha feira onde a deputación achega financiamento, pero o mérito é do concello que foi quen organizouna.

Entenden que a deputación non pretende apropiarse de ningún mérito e pode dicir en qué inviste os cartos, dío polo dito polo alcalde no día de hoxe en canto ás notas que mandaron ós enderezo dos oleirenses e como se está en período electoral cada quen adoita facelo, ó igual que fai o goberno municipal en ocasións.





CONCELLO DE OLEIROS

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 18 de xaneiro de 2024, acadándose o resultado de **dezasete (17) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”) e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“**Primeiro.**- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención municipal, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024 Dato notificado que figura no seu expediente	162.383,50 €				
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
GASTO CORRENTE	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.			0,00 €	0,00 €	0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	181.000,00 €		181.000,00 €	162.383,50 €	18.616,50 €
c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá			0,00 €		0,00 €





CONCELLO DE
OLEIROS

destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.					
d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €		0,00 €
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	181.000,00 €	0,00 €	181.000,00 €	162.383,50 €	18.616,50 €
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
INVESTIMENTO	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de			0,00 €		0,00 €





CONCELLO DE
OLEIROS

servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.					
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	181.000,00 €	0,00 €	181.000,00 €	162.383,50 €	18.616,50 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	162.383,50 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	162.383,50 €

SEGUNDO.- Adquirir o compromiso de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

TERCEIRO.- Facultar expresamente ó alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Punto 4.- Adopción de acordo en orde ó sorteo dos membros das mesas electorais para as eleccións autonómicas que terán lugar o día 18 de febreiro de 2024 e delegación na Xunta de Goberno Local do sorteo dos membros das mesas para os procesos electorais que teñan lugar durante o ano 2024

Da orde do alcalde expoño o asunto eu, **secretaria**, sinalando que se debe proceder a adoptar acordo primeiro de realización do sorteo para estas vindeiras eleccións ó Parlamento de Galicia que terán lugar o vindeiro 18 de febreiro e ademais débese votar a delegación da realización deste sorteo para os procesos electorais que se vaian desenvolver ó longo deste ano 2024.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 18 de xaneiro de 2024, acadándose o resultado da unanimidade dos membros corporativos asistentes a esta sesión, é dicir, por **dezanove (19) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”); dous (02) do grupo municipal “Socialista”) e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Convocadas para o vindeiro 18 de febreiro próximo as Eleccións ó Parlamento de Galicia e estando previstas, en principio, as Eleccións ó Parlamento Europeo neste ano, de conformidade co art. 26 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, reguladora do Réxime Electoral Xeral, deberase proceder á designación mediante sorteo público nas datas que designe o INE, dos presidentes, vogais e respectivos suplentes que conformen as mesas electorais entre as persoas censadas en cada sección, ó abeiro dos parámetros contidos no acordo a adoptar.





CONCELLO DE OLEIROS

A Xunta Electoral Central considera que a competencia para designar ós membros das mesas electorais, previo sorteo entre os e as electoras censadas no Concello, corresponde ó Pleno do Concello, baixo a supervisión da secretaría municipal, polo que coa fin de acadar unha maior axilidade e eficacia na actuación administrativa e tendo tamén en conta a sentenza do Tribunal Constitucional de 26 de setembro de 2013, considérase axeitado designar á Xunta de Goberno Local para que realice en acto público este sorteo.

Tendo en conta o sinalado, propónse ó Pleno do Concello, ó abeiro das facultades conferidas pola lexislación vixente, que adopte o acordo seguinte:

Primeiro.- Proceder á realización do sorteo dos membros das mesas electorais a constituírense nas próximas Eleccións ó Parlamento de Galicia nesta sesión plenaria.

Segundo.- Delegar na Xunta de Goberno Local a realización do sorteo dos membros das mesas electorais (Presidente, Vogais e respectivos suplentes) que se constituirán en Oleiros ó longo do ano 2014.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local terá como función específica a realización deste sorteo, velando para que os actos de designación dos membros das mesas electorais se leven a cabo de conformidade co disposto na lexislación electoral.

Cuarto.- Determinar que o criterio a seguir para o nomeamento de presidentes, vogais e respectivos suplentes das mesas electorais a constituírense será o seguinte:

"Realizase o sorteo en ordenador, de conformidade co programa informático achegado polo Instituto Nacional de Estatística (INE) entre a totalidade das persoas censadas nas seccións correspondentes, que sexan menores de 70 anos e que saiban ler e escribir. O Presidente deberá contar coa titulación mínima de Bacharelato, de Formación Profesional de segundo grao ou, subsidiariamente, o de Graduado Escolar."

De seguido, procédese ó sorteo da composición das mesas electorais a constituírense no Concello de Oleiros para estas vindeiras Eleccións ó Parlamento de Galicia 2024, que tarán lugar o 18 de febreiro de 2024, despois duna explicación de cómo se realiza o sorteo, materializándose a través dun aplicativo que remite a Oficina do Censo Electoral e no que se nomean a 3 titulares por mesa, un presidente e dous vogais, así como 9 suplentes para cada un dos membros titulares nas 45 mesas que se constitúen neste concello no proceso electoral de referencia.

Punto 5.- Adopción de acordo, se procede, de imposición e ordenación de contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios

Expón o asunto a 2ª Tte. de alcalde do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", Dª **Margarita Figueroa**, explicando que este acordo é para a mellora do servizo de extinción de incendios para o que se vai adquirir un camión auto escala, para traballos en altura, e que ten un custe de 95.000 €. Os suxeitos pasivos que soportan esta adquisición son as compañías aseguradoras que desenvolven a súa acción no ramo de incendios neste concello; aportando o concello 9.500 €, un 10% do custe e os restantes 85.500 € vai ser a base impositiva da contribución especial que se propón aprobar.

O acordo expónse no taboleiro de anuncios do concello por 30 días, así como se publicará anuncio no BOP e nun diario dos de maior difusión da provincia. Transcorrido este prazo e de non se presentar alegacións, considerarase aprobado definitivamente. Finalmente dicir, que a presente modificación comenzará a aplicarse ó día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo.

Intervén a voceira do grupo municipal "Popular", Dª **Mª Dolores Silva**, explicando que unha proposta similar foi realizada polo seu grupo no anterior mandato, polo que agradecen que ás veces teñan en conta as suxestións que fan os grupos políticos da oposición e por isto, votarán favorablemente.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, manifestando que nun concello no que, segundo dixo o alcalde, ten marxe para incrementar sustancialmente a súa poboación e a construción de vivenda, parece lóxico atender a necesidade de ampliar do servizo de extinción de incendios, coa adquisición neste caso dun vehículo de intervención en altura.

Támén é lóxico que o financiamento do custo desta adquisición, un 90%, sexa mediante unha contribución especial que recaiga sobre os máis beneficiados directamente, que son as compañías de seguros que desenvolven a súa actividade no sector de incendios no termo municipal de Oleiros. Unha contribución especial baseada na legalidade, que recae sobre sociedades anónimas con sede central, moitas delas en paraísos fiscais e que son as maioritariamente beneficiadas por esta ampliación do servizo de extinción de incendios.

Lembrar, si sí, que este ímpetu na imposición de contribucións especiais non procede aplicalas con veciños en Oleiros, como remata de resolver o contencioso administrativo nº 1 da Coruña, nunha sentenza que anula as contribucións especiais impostas por este concello no 2019 en Mera, coa fin de que os propietarios dos terreos colindantes pagasen entre todos os gastos de urbanización da vía. E fíxoo ademais aplicando, nada máis e nada menos que a base máxima do 90% que permite a lei, cousa que pregan non debiera repetirse respecto de contribucións especiais cando se fala de veciños e veciñas particulares deste concello.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, salientando que explicou bastante ben este asunto a súa compañeira porque, escoitado esta última intervención, parece que se pretende cargar ós veciños a adquisición deste camiión para traballos en altura na extinción de incendios, mentres que a realidade é que quen soporta esta adquisición nun 90% do custo do camiión son as compañías aseguradoras contra incendios do Estado español, que teñen a obriga por lei a participar cos concellos na prevención de incendios e accidentes similares.

Polo tanto é algo que está regulado por lei e na que as aseguradoras teñen que participar tamén en base ás pólizas deste seguro que teñen contratadas coa veciñanza de Oleiros, polo que quede claro que son estas empresas aseguradoras quen se fan cargo de practicamente o custo total do camiión e non a veciñanza, que parece que é o que pretende coa súa intervención o concelleiro do grupo “Socialista”.

En canto ás contribucións especiais de Mera, a ver qué pasa porque se vai recurrir e sentenzas hainas de todas as cores e o primeiro fallou dese xeito, a ver o segundo.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 18 de xaneiro de 2024, acadándose o resultado da unanimidade dos membros corporativos asistentes a esta sesión, é dicir, por **dezanove (19) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”); dous (02) do grupo municipal “Socialista”) e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Vista a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os artigos 28 a 37 e 58 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto





CONCELLO DE OLEIROS

refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, a Ordenanza Fiscal nº 14, reguladora das contribucións especiais e o Real Decreto 2568/86, Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais e visto informe da TAE Inspección Tributaria de data 15 de xaneiro do 2024, de procedencia de adopción de acordo de ordenación e imposición de contribucións especiais pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios; elévase ao Concello Pleno proposta de adopción de acordo ordenación e imposición de contribucións especiais pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios, consistente en :

Primeiro.- Aprobar inicialmente o acordo de ordeación e imposición de contribucións especiais pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios, establecendo os elementos necesarios da forma seguinte:

- a) O coste de ditas melloras ascende a 95.000 euros, de acordo coa memoria económica emitido polo coordinador SMEPC e incorporado a este expediente.
- b) A distribución do coste: o Concello soportará a cantidade de 9.500 €, equivalente ao 10% do coste de ampliación e mellora do servizo, e o 90% restante (85.500 €) distribuirase entre os suxeitos pasivos.
- c) A base imponible da contribución especial estará constituído polo 90% dos costes especificados na letra a) anterior, isto é 85.500 €.
- d) De acordo co artigo 30.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais considéranse persoas especialmente beneficiadas (suxeitos pasivos) polo establecemento ou ampliación do servizo de extinción de incendios, as compañías de seguros que desenvolvan a súa actividade no ramo, no termo municipal de Oleiros.
- e) A asignación de cotas aos suxeitos farase proporcionalmente ao importe das primas recadadas no ano inmediatamente anterior. No suposto de que o importe das cotas esixibles a cada suxeito pasivo fora superior ao 5% do importe das primas recadadas polo mesmo, o exceso trasladarase aos exercicios sucesivos ata a súa total amortización, tal e como se prevé no artigo 32.1.b) do referido texto legal.
- f) Aportación municipal: será con cargo aos programas correspondentes do presuposto xeral de 2024.
- g) Para os elementos do tributo non regulados expresamente, será de aplicación o disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e na Ordenanza fiscal nº 14, reguladora das contribucións especiais do Concello de Oleiros.

Segundo.- Expoñer o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días e anunciar dita exposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP), así como nun diario dos de maior difusión da Provincia, ós efectos previstos no artigo 17 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Transcorrido o prazo sinalado sen que se teñan presentado alegacións ou suxestións quedará aprobada de xeito definitivo. No caso de que se prese

Terceiro.- A presente modificación comezará a se aplicar ó día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro da mesma.”

Punto 6.- Dar conta do informe de morosidade, conforme ó art. 12.2 da Lei 25/2013 (Plan Anual de Control Financeiro 2023)

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do informe de morosidade emitido o día 10 de xaneiro de 2024 polo interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo, ded conformidade co disposto no art. 12.2 da Lei 25/2013 no Plan Anual de Control Financeiro do exercicio 2023.

Punto 7.- Dar conta do informe definitivo de control financeiro da Oferta de Emprego Público 2023

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do informe de control financeiro sobre a Oferta de Emprego Público (OEP) 2023 emitido o día 10 de xaneiro de 2024 polo interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.





CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 8.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2023005978 ata o nº 2023006484 e desde o nº 2024000001 ata o nº 2024000211

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía e das Resolucións dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2023005978 ata o nº 2023006484 e desde o nº 2024000001 ata o nº 2024000211.

Punto 9.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

Polo alcalde, D. **Ángel García**, sinálase que antes de entrar de cheo no asunto, vai facer unha intervención coa fin de clarexar o concepto de moción e ante as presentadas, dado que tódolos grupos políticos municipais presentaron, en concreto, o goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” presenta unha; o BNG outra..

O voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, clarexa que presentou dúas, unha pola cuestión do vertido dos pellets e outra sobre a sanidade pública en Galicia.

Respóndelle o alcalde, D. **Ángel García**, que revisaran e segue coa súa intervención sinalando que o grupo municipal “Popular” presenta dúas, das que só se vai tratar unha, a referente a Otegui non se vai tratar...

Solicita o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, que conste en acta a protesta do seu grupo.

Segue coa súa intervención o alcalde, D. **Ángel García**, insistindo en que non é unha moción que tivo que pedir un informe á secretaria municipal con este obxecto e, finalmente, do grupo municipal “Socialista” das cinco presentadas só se vai tratar unha, a referente ó solo público...

Pola voceira do grupo “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, pregunta se non se vai tratar a que presentaron sobre os pellets...

Engade o alcalde, Sr. **García**, que tal e como están redactados os escritos por exemplo a que alude á problemática do arborado municipal, esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local por acordo plenario de 26 de xuño do ano pasado, de organización e no que xa participaron tódolos grupos municipais polo que ó non se tratar dun asunto de competencia plenaria éste non ten porque tratalo.

Outra das que se pretende que teña a consideración de moción fala da auto organización municipal e isto tampouco é competencia de pleno e sí do alcalde, segundo o art. 41 do ROF; tampouco ten a consideración de moción, pola súa redacción, a presentada en canto á marea de pellets plásticos...

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, sinalando que unha moción non é a a súa exposición de motivos senón os acordos que se propoñen aprobar, pero visto o que está a acontecer hoxe, roga que o alcalde pase unha listaxe do que se pode falar neste pleno, porque así poderán seguir o guión que lles marque...





CONCELLO DE
OLEIROS

Segue explicando o alcalde, Sr. **García**, que cando se propón a formación dun gabinete de crisis ante a alarma social producida pola chegada de plástico ás costas, isto non é unha competencia plenaria senón dél, do alcalde..

Insiste a voceira do grupo “Socialista”, Sra. **Acuña**, en que aínda que poida ser unha competencia do alcalde pode tratarse no pleno e logo que o alcalde ou a Xunta de Goberno tome a decisión, teme que está equivocado...

O alcalde segue ratificándose no dito, engadindo que o grupo municipal “Socialista” debe acatar as leis aprobadas neste eido e ademais na maior parte aprobadas polo propio PSOE, respecte o acordo dos seus compañeiros para levar adiante a política deste país.

Netes intre, pasa a tratar as mocións presentadas e empeza pola do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, referente á creación dun centro de saúde acorde ás necesidades na zona norte do municipio e cédelle a palabra á concelleira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a Margarita Figueroa:

9.1.- Moción do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” demandando a habilitación dun Centro de Saúde acordo ás necesidades do norte do municipio na Casa do Mar de Mera

Procede a dar lectura á moción presentada a 2^a Tte. de alcalde e concelleira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **Margarita Figueroa**, que se transcribe na parte dispositiva do acordo adoptado.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **dezasete (17) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal de “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar* a moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que consultados datos coa Consellería de Sanidade, resulta que Oleiros conta con catro centros de atención primaria o que o converte no concello co maior número de centros da área sanitaria da Coruña, agás a propia cidade da Coruña.

A carteira de servizos desenvolvida no concello conta con atención ó neno, adolescente, paciente crónico, atención á muller, odontolóxica, farmacéutica, nutricional (que se remata de crear no centro de saúde de Sta. Cruz), saúde bucodental, fisioterapia, unidade de saúde mental, cirurxía menor, etc, etc.

Na actualidade existen nos centros asistenciais, segundo os datos que manexa a consellería, un total de 82 profesionais e no que atinxe ó centro de saúde de Mera, onde segundo dín na moción existe unha poboación dunhas 5.000 persoas, as cartillas sanitarias rexistradas que reciben asistencia neste centro son 2.795 que contan con 2 médicos de familia, 2 enfermeiros de atención primaria, unha delas cuberta en abril de 2020, probablemente sexa da que falan na moción cando sinalan que houbo que habilitar un espazo; un pediatra que é compartido co centro de saúde de Sta. Cruz e 1 profesional de xestión e servizos xerais.





CONCELLO DE
OLEIROS

En canto ó lugar onde se sitúa o centro de saúde, para o servizo dispón dunha entrada independente con accesibilidade, ben certo é que saben que existen espazos que non pertencen á consellería de sanidade e, polo tanto, non se pode xestionar o uso dun espazo que non é de titularidade da propia consellería.

Neste centro realizáronse obras de mantemento no ano 2023, o ano pasado, consistentes en cambio de caldeira, ventás, etc. e en breve está previsto o pintado interior cun investimento total de 20.000 €, que xa está aprobado, así como a dotación de material médico e de enfermería. Aproveita para suxerir que informada a consellería das obras que corresponderan e tratado con eles, para que poideran acondicionar as partes exteriores que están cedidas e que caeron.

Como antes xa dixo, non é competencia de consellería de sanidade facerse cargo da xestión de recursos que non lle pertencen, non parece dalgún modo urxente senón máis ben para ter en conta cara o futuro a prosible ampliación aparelado ó posible crecemento poboacional de Mera para ter un centro médico de maiores dimensións. As dificultades para cubrir prazas veñen dadas en moitas ocasións, por mor das vacacións ou baixas laborais dos propios traballadores e traballadoras, pola falla de facultativos, máis que por unha falla de vontade da consellería para cubrir as prazas.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, manifestando en primeiro lugar que non entende a coherencia do alcalde á hora de dirixir o pleno, dado que este asunto logo non se podería tratar porque é unha competencia de Xunta de Galicia, en fin...

Sr. alcalde, usando un símil musical que diso o alcalde entende, nesta moción o goberno municipal o que está é tocando de oído e tocan mal. Falan de ampliar o centro de saúde de Mera, pero sen información e sen preguntar primeiro, xa non dí a ela propiamente por ser membro desta corporación e ademais traballa alí tódolos días, senón que poderían preguntarlle a calquera dos sanitarios existentes, seguro que así a súa moción non estaría chea de inexactitudes, por ser políticamente correcta.

Na súa exposición de motivos, critican o estado das instalacións por dentro xusto agora que o rematan de arranxar, como remata de expoñer e lembrar a voceira do grupo “Popular” hai uns intres. Melloraron humidades, illamento e cambiaron a calefacción pero, ademais, deberan coñecer que a finais da semán pasada foi alí unha persoa funcionaria deste concello a visitar as instalacións e in situ poido comprobar eses arranxos.

Tampouco é verdade, non sabe onde o sacan, que para reforzar o servizo de enfermería habilitouse en xuño un almacén de limpeza, cando xa se puxo de manifesto que a ampliación deste servizo cunha persoa máis levaba de 2020, pois non é así porque despois de moito loitar esa ampliación de praza habilitouse unha sala que anteriormente usaban para urxencias e que durante a pandemia usaron como sala COVID e que agora fai de despacho dese enfermeiro que non está a tempo completo, porque só acadaron $\frac{3}{4}$ partes da xornada dun enfermeiro, compartíndoo con Sta. Cruz.

Sí é verdade a escaseza no servizo de pediatría, pero non é certo que enfermería teña unha espera de 16 días, para nada. Como a exposición de motivos non é a que se vota, vai analizar as propostas que son as que realmente se vota. En primeiro lugar, solicitan a incorporación de profesionais, evidentemente sí, pero non dos que falan na súa





CONCELLO DE
OLEIROS

moción. ¿Máis médicos de atención primaria? Si van ser necesarios co crecemento que se espera para Mera ¿Máis enfermeiros? Por suposto, hai 1+3/4, porque se necesita máis persoal para o que se realiza habitualmente en primaria, atención dos crónicos, educación sanitaria, medicina comunitaria, etc.

¿Fan falla máis pediatras? Por suposto ¿Máis persoal de servizos xerais? Por suposto, só cunta con 1 e deses hai moitos no paro, eses neste intre son os que fan falla e se houbera vontade poderíase cubrir mañán mesmo e posiblemente lles alixeraban de tanto burocracia que teñen que facer. Piden radiólogos ¿Para qué? Se non existe maquinaria de raios en Mera, o lóxico sería instalalo en Sta. Cruz, que é onde existe o PAC, sería para usar ese recurso nas urxencias.

Falan de ampliar o servizo de saúde mental en Mera, e rematan de dotar ó servizo de Oleiros, na Covada, dunha unidade, polo que cre que sería máis serio pedir máis persoal para esa unidade pero non o entende para Mera. ¿Unha nutricionista? Vale, pero rematan de habilitar ese servizo en Sta. Cruz para todo o municipio. Fisioterapia, desde logo, pero para facer un servizo axeitado habería que utilizar toda esa planta que se está pedindo nesa moción para podelo desenvolver adecuadamente. Rehabilitación, non é un servizo que non se presta en primaria, está centralizado no Hospital de Oza.

O segundo punto do acordo proposto, concrétase na mellora do centro de saúde, por suposto, pero non poñéndolle un parche, precísase dun centro novo, con capacidade para o futuro, con bo acceso para as ambulancias, para as urxencias, para os propios doentes, sen zona azul porque no verán teñen que estar pendientes e saír todos agobiados a repoñer o ticket, ademais poderíase seguir mantendo eses servizos sociais da Xunta de Galicia funcionando ben e habilitar un centro de día que iso si que fai falla na zona norte e non existe. Suprimir o servizo da Xunta de Galicia non, non o ve, o que hai que pedir é que funcione e ademais ben.

Por iso teme, que aínda sendo traballadora do centro de saúde de Mera e precisamente por iso, vese na obriga de absterse nesta moción, porque a consideran un parche e que ademais vai hipotecar a sanidade de Mera por 20 anos, porque se agora pedimos iso e a Xunta de Galicia inviste eses cartos nesa instalación ¿Canto tempo vai pensar a Xunta de Galicia en volver investir na sanidade na zona norte? Díllo ela, máis de 20 anos ¿Confórmase con ese parche, alcalde? Está moi equivocado e xa que en innumerables ocasións o alcalde presume de que o concello ten moitos terreos propios, pois ceda unha parcela axeitada para construír un centro de saúde novo para hoxe e para o futuro e pídalle á Xunta de Galicia, porque parece que actúa moi valentemente pedíndolle ó Estado pero parece que non o é tanto á hora de pedirlle á Xunta de Galicia e solicite a construción dun centro de saúde en condicións, cre que é unha oportunidade perdida e para rematar, dicir que insiste en que no interior do local non precisa arranxo, o que precisan é máis persoal para sacar adiante o traballo diario, pida de verdade un centro novo e non un parche que, insiste, hipotecará neste eido a Mera por vinte anos.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que como se sinala na moción de “Alternativa dos Veciños” e como remata tamén de recoñecer a compañeira do PSOE, trátase dun centro infradotado e que non dá atendido ás necesidades da poboación da zona norte do concello, ten graza e resulta ridículo que habendo





CONCELLO DE
OLEIROS

un segundo andar estea adicado a unha sesión semanal de pilates e a unha consulta mensual de podoloxía, esta é a intensa axenda que abranque o segundo andar do centro de saúde de Mera.

Ante isto e tendo en conta a previsión do goberno municipal dun crecemento poboacional de máis de 1.000 habitantes nas parroquias do norte do concello, nomeadamente nas urbanizacións de Xentiña e Cividás, polo que tanto a ampliación do ambulatorio aparelado tamén á dotación de máis persoal entende que é urxente e perentorio, tamén queren aproveitar a ocasión para poñer de manifesto que ista non é a única consecuencia do incremento poboacional para a zona, alén do importante crecemento que cada una sofre esta zona na tempada estival, pódese falar logo ademais disto e cara o futuro de mobilidade, de seguridade, de aparcadoiros, maior frecuencia do transporte público, limpeza, infraestruturas e un longo etc. que quere traer tamén a colocación e non só o centro de saúde de Mera, que tamén.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que en canto ó salientado pola voceira do grupo “Popular” a que este concello está ben dotado a nivel sanitario, ou case ben dotado diría él, nalgúns zonas como o centro de saúde de Oleiros, de Perillo ou Sta. Cruz, que son a día de hoxe realidade froito dunha loita do pobo de Oleiros e como é o caso agora co de Mera, aínda que se trata de boas infraestruturas algunha dela está infrautilizada como por exemplo o centro de saúde de Sta. Cruz, que conta con locais baleiros e non están usándose como se debera. Dito isto, Mera non conta cun centro decente, son dúas salas convertidas en consultorios, cun pasillo polo medio que é a sala de espera para os doentes e compaxinado con outras dependencias que ten a Casa do Mar, polo que discrepa de que estea ben atendida esta zona e tamén rexeita que non haxa cartillas da seguridade social suficientes como para ampliar o centro porque segundo as sinaladas pola voceira do grupo “Popular”, máis de 2.700 cartillas, hai que engadirlle un importante número de familias das Parroquias de Serantes, Maianca e Dexo que están asignados a outros centros de saúde do municipio, como Perillo, Oleiros e Sta. Cruz e a que é debido isto, pois porque en Mera non teñen os servizos cos que contan eses tres centros, se os tiveran alí non se desprazarían por todo o concello para ir ó médico, isto é unha realidade, ninguén que teña un bo servizo a carón da súa casa desprázase 7 ou 10 quilómetros para que o antendan, de aí que exista unha necesidade real.

Tamén alegou que non se podía mellorar, porque o edificio non é do SERGAS, pero é da Xunta de Galicia que na actualidade é titular de todo o edificio, porque a parte que non pertence ó SERGAS é da Consellería de Facenda e lembra que no seu día houbo un conflito entre o concello e a Xunta de Galicia, porque a primeira planta estaba sendo utilizada polos veciños e veciñas, de feito o concello fixera obras de mellora no edificio como a instalación dun elevador para mellorar a accesibilidade, e logo por decisión da Xunta de Galicia desocupou esa planta alegando que ían facer un centro de día que na vida chegou a materializarse que, incluso, ata pode ser obxecto dunha fraude porque se usaron fondos europeos para o seu acondicionamento e para unha fin que nunca se levou a efecto, entende que unha ilegalidade manifesta e así fixéronllo saber á consellería de servizos sociais da Xunta de Galicia que, ó final, compensounos cunha cantidade para que o concello poidese adquirir outro local onde ubicar ás entidades que usaban esa planta do edificio.





CONCELLO DE
OLEIROS

A respecto do alegado pola voceira do grupo “Socialista”, sobre que ó igual que noutras cuestións este asunto non é un tema a tratar no pleno, discrepa abertamente e logo do que se va a falar, dun asunto que afecta directamente á veciñanza da zona norte, pois onde se ten que tratar, do que non se debe falar moito é dos temas alleos ó concello pero, insiste, en que este é un tema que afecta directamente ó concello.

Logo dixo que ía matizar a proposta de acordos que presenta o goberno municipal na moción e ó final dixo que amén a todo, porque está a recoñecer como profesional sanitaria que traballa nese consultorio dunha serie de carencias que indubablemente coñece de primeira mna, porque insiste en que traballa alí, alegando que facía falla máis persoal para as diferentes especialidades que mencionou e de aí que se vaian manifestar, para dicirlle á Xunta de Galicia que basta xa de ter que ir cun bebé a Sta. Cruz ou a Perillo, entre outras cousas.

Alegaba tamén que a primeira planta non era suficiente, e non é así, porque as instalacións actuais están en 40 m2 e na planta de arriba existen 200 m2., é dicir, moito máis espazo que entenden que cubrirían tódalas necesidades da poboación de Mera, Serantes, Maianca e Dexo.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada, acadándose o resultado de **doce (12) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”- BNG) e **sete (07) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”). En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación aproba a moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os veciños e veciñas das parroquias de Maianca, Serantes e Dexo, xunto co goberno municipal e as entidades veciñais, levan anos denunciado as deficiencias do servizo público sanitario de atención primaria que se presta na Casa do Mar de Mera. As 5.000 persoas ás que lles corresponde ser atendidas neste consultorio sofren a diario as consecuencias da falla de persoal e da obsolescencia dunhas instalacións claramente insuficientes.

A falta de mantemento e desatención do edificio provoca que neste momento existan graves danos estruturais, que xa foron comunicados á Xunta de Galicia ante o risco de desprendemento de cascotes das cornisas sobre a vía pública, entre outras deficiencias. Por dentro, o estado da instalación non é moito mellor. A Xunta investiu 250.000 euros na planta superior deste edificio –do que expulsou á Asociación Veciñal San Cosme de Maianca- para crear un centro de día. Malia levar xa 12 anos acondicionado para ese fin, nunca funcionou como tal, o que podería ser constitutivo dun presunto delito de malversación por empregar fondos europeos para a creación dun centro de maiores que nunca existiu.

En vez do anunciado, a Xunta ten na planta superior da Casa do Mar de Mera un local social pantasma no que, neste momento, se realiza unha única actividade semanal: pilates. Para atender ese irrisorio volume de actividade a administración autonómica ten contratados conserxe e directora.

E mentres se despilfarran fondos públicos e se desaproveita o primeiro andar do edificio, o espazo destinado para o consultorio non dá para máis. Tal e así que o pasado mes de xuño, para reforzar o servizo de enfermeiría, foi necesario habilitar unha sala de reducidas dimensións que se estaba a utilizar para almacenar o material de limpeza.





CONCELLO DE OLEIROS

A escasa dotación de recursos humanos para atender a demanda existente, especialmente deficitaria no caso da pediatría -cunha atención de 7 horas semanais, sen relevo nin durante baixas nin vacacións-, repercute no tempo medio de espera por unha cita médica, que é de 8 días –e de 16 no caso de enfermeiría-, algo inasumible para calquera persoa que se atopa enferma. Isto fai que moitos cidadáns acaben por acudir aos servizos de urxencias ou se trasladen definitivamente aos centros médicos de Santa Cruz, Perillo e Oleiros, empeorando as esperas de atención que tamén existen nestes centros.

Para realizar o necesario incremento de persoal, que pasaría por reforzar os servizos xa existentes –especialmente urxente o de pediatría- e crear outros novos como os de saúde mental, radioloxía, nutrición, fisioterapia ou rehabilitación; é preciso a ampliación do espazo que ocupa o consultorio no edificio. Non é necesario un novo edificio nin grandes obras, simplemente rematar co despilfarro e infrautilización da planta superior para poder converter a Casa do Mar de Mera nun verdadeiro Centro de Saúde para toda a zona norte do Concello de Oleiros.

Maianca, Serantes e Dexo precisan uns servizos sanitarios acordes á súa poboación actual, que contemple o incremento de cidadáns que se produce durante os meses de verán e a previsión de incremento de poboación prevista para toda esta zona a medio prazo, por mor da calidade e cantidade de servizos públicos existentes, a mellora das comunicacións previstas ou os próximos desenvolvementos urbanísticos.

A fortaleza dun sistema sanitario público constrúese desde uns servizos de atención primaria dotados dos recursos e medios necesarios, que posibiliten un uso responsable por parte da cidadanía.

Por todo isto, está convocada unha concentración ante o edificio o vindeiro domingo 28 de xaneiro ás 13:00 horas e propoñemos que o pleno do Concello de Oleiros demande á Xunta de Galicia o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Dotar ao Centro de Saúde de Mera do persoal sanitario necesario para unha atención sanitaria digna dos 5.000 habitantes da zona norte do Concello de Oleiros, reforzando os servizos que xa se prestan, incrementando as horas de atención pediátrica e incorporando profesionais de saúde mental, radioloxía, nutrición, fisioterapia e rehabilitación.

Segundo.- Ampliar o espazo destinado ao consultorio médico de Mera utilizando a planta superior da Casa do Mar, para poder incrementar e mellorar a actual prestación de servizos médicos, creando así un verdadeiro Centro de Saúde, acorde coas necesidades presentes e futuras das parroquias de Maianca, Serantes e Dexo.

Terceiro.- Proceder ao arranxo inmediato dos desperfectos e danos estruturais da Casa do Mar de Mera.

Cuarto.- Comunicar este acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, ó Conselleiro de Sanidade e ás entidades veciñais de Maianca, Serantes e Dexo.”

9.2.- Moción do grupo municipal “Mixto”-BNG para a mellora da calidade da sanidade pública

Procede a dar lectura á moción presentada o voceiro do BNG, D. **Iván Roca**, que se transcribe na parte dispositiva do acordo adoptado.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos presentes nesta sesión, é dicir, por **dezanove (19) votos a favor** (once (11) do grupo municipal





CONCELLO DE
OLEIROS

de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal de “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, explicando que a carencia de médicos de atención primaria en España é un problema xeral do Estado e dificilmente se pode sinalar á xestión do Partido Popular cando este problema prodúcese e reproducese en comunidades gobernadas polo PSOE, como Asturias, Castela ou en comunidades nacionalista, como Cataluña.

Tódalas comunidades autónomas están a ter problemas para contratar médicos de familia que necesitan, nos últimos anos non se formaron os suficientes como para dar o relevo a unha xeración que neste intre está a piques ou a xubilarse. O goberno de España xa tomou o ano pasado unha medida para parchear esta problemática aprobando o sistema de xubilación activa, para incentivar os médicos para que continúen ata os 67 anos. Ademais desta medida, para que os maiores tarden máis en deixar o sistema é necesario aprobar outras medidas para que os novos tarden menos en incorporarse, neste aspecto o goberno do Estado non fixo absolutamente nada nestes últimos 6 anos.

Xa o goberno de Rajoy detectara este problema para un futuro déficit de profesionarias para o que creou un grupo de expertos que propuxo a adopción de varias medidas tanto ó goberno Estado coma das comunidades autónomas. Logo de coñecer as conclusións o goberno do Partido Popular e os das comunidades autónomas, a maioría gobernada pola esquerda, aprobaron de xeito unánime varios acordos de reforma. Eses compromisos incluían, a reforma dos criterios ou requisitos que se exigen para crear novas prazas formativas de medicina familiar, sen embargo dous meses despois dese acordo produciuse unha moción de censura accedendo o PSOE ó ministerio de sanidade e todo aquilo proposto polo goberno do PP quedou nun caixón.

O goberno galego e o goberno vasco, asinaron no 2022 un manifesto exixindo ó goberno de España que artellase esa reforma nun sistema formativo, que é de competencia do Estado. A esa demanda sumáronse unha dúcia de gobernos das comunidades autónomas, pedindo todas o mesmo ó goberno de España, esta proposta foi aprobada por unha deca de partidos, BNG e PSOE votaron en contra.⁷²

Na convocatoria MIR para 2024 presentáronse 13.990 admitidos polo ministerio para unha convocatoria de 8.772 prazas de médico residente, Galicia aumentou ó máximo as prazas para un centear de centros que ten acreditados, por iso as limitacións desde o 2009 a Xunta de Galicia duplicou a oferta de prazas formativas, pasaron de 88 anuais a 207 neste exercicio e hai que lembrar que as comunidades autónomas financian íntegramente a formación, tamén engadíronse melloras para favorecer que o persoal colabore nesa formación e ter os titores suficientes.

Aprobouse por primeira vez o estatuto do titor, que lles outorga incentivos, como prioridade nas actividades formativas ou reserva de prazas específicas. No 2019 a Xunta de Galicia creou os contratos de continuidade que ofrecían estabilidade desde 1 a 3 anos dos residentes que remataban a súa formación e nesa lexislatura acordouse coas organizacións sindicais, en concreto, tódolos residentes en medicina de familia e pediatría de atención





CONCELLO DE
OLEIROS

primaria, se lles ofrezan directament contratos de tres anos cando rematen a súa residencia pero, ademais, a Xunta de Galicia fixo o que non calquera outra comunidade autónoma, a posibilidade de facer máis atractivas as prazas de atención primaria, por iso no exercicio de 2022 aprobouse a lei de medidas extraordinarias para prazas de difícil cobertura no SERGAS que permitiu cubrir prazas que levaban anos vacantes por non teras escollida ningún profesional, nin nas oposicións, nin nos concursos de traslados, débese resaltar que tanto Bloque coma PSOE votaron en contra desta lei que no día de hoxe permitiu cubrir case 200 prazas que ficarían desertas se gobernase eles, de tódolos xeitos, aínda que o seu grupo non pretendía traer mocións deste tipo e o alcalde eliminou unha cantas ás que o alcalde eliminounas non sabe o por qué, esta falando do hospital de Vigo que evidentemente non ten relación con Oleiros si se admitiu a debate, aínda así cre que outros son os sitios onde facer campaña electoral pero agora mesmo tanto o Bloque coma o PSOE presentan estas mocións con esa intencionalidade.

Intervén a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, anunciando o voto positivo do seu grupo a esta moción porque o PSOE tamén forma parte da plataforma SOS Sanidade Pública, que é de onde parten estas reivindicacións, é dicir, das asociacións, dos sindicatos, da xente do común e por iso, tamén, van estar o día 4 de febreiro na manifestación que está convocada en Santiago de Compostela en defensa da sanidade pública galega. Por certo, facendo campaña, animan a todos a que acudan, pero tamén animan a todos e todas que non esquezan que non chega con manifestarse e que no intre de ir votar lembren o estado da sanidade pública galega, despois de tantos anos de xestión do PP.

A voceira do grupo “Popular” fixo un relatorio das medidas que están adoptando para cubrir as deficiencias dos médicos de familia e puxo un exemplo moi claro na súa outra intervención, relativo ó persoal de servizos xerais que existe un paro grande neses profesionais e sen embargo non se contratan, para mostra un botón e isto tamén é campaña...

Neste intre, intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalándolle á voceira do grupo “Socialista” que iso si que é facer campaña e este non é o lugar axeitado para facela, existen locais habilitados para facelo e non neste plenario...

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que o BNG achega esta moción ligada á marcha que convoca SOS Sanidade Pública para este vindeiro 4 de febreiro e simplemente só sinalar que tódalas nacionalidades históricas están gobernadas por nacionalistas.

O alcalde, D. Ángel García, sinala que o goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” está de acordo coa moción presentada, dando paso directamente xa á votación da mesma.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG: once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”) e **cinco (05) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”).





CONCELLO DE
OLEIROS

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación aproba a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG, que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A nosa Corporación municipal ten expresado xa en diferentes ocasións a súa preocupación pola situación e perspectivas da sanidade pública, tanto a do noso Concello como na da Área Sanitaria á que pertencemos, como consecuencia das políticas sanitarias deseñadas polos sucesivos gobernos do PP, baseada nos recortes de recursos e orzamento, Centros de Saúde e PAC inaccesíbeis, con relacións telefónicas en lugar de presenciais, masificados, no desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de agarda onde só se publican as estruturais con urxencias hospitalarias colapsadas, listas de agarda cirúrxica manipuladas con máis da metade dos pacientes ocultos, na precarización e explotación do persoal, recorte de camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, maiores abandonados nas Residencias, derivacións de doentes a centros privados, desatención clamorosa da saúde mental como o problema dun doente mental abatido recentemente na Coruña e das mulleres, etc.

Estas políticas levan a sanidade pública galega a un punto de difícil retorno se non as paramos.

A Xunta do PP e a Consellaría de Sanidade, reduciron os orzamentos sanitarios, recortaron os recursos da Atención Primaria (patentes no recente desbordamento pola gripe estacionaria), paralizaron a actividade dos hospitais públicos multiplicando as listas de agarda, enviando ás persoas enfermas aos centros privados concertados, suprimiron a obrigatoriedade da dedicación exclusiva do persoal médico dos seus propios hospitais para que poidan traballar na privada, desmantelaron áreas sanitarias e tamén os seus hospitais comarcais e mantiveron o persoal nunhas condicións laborais precarias e indignas.

No noso Concello a situación é idéntica ao resto do país coa necesidade de reforma do PAC de Santa Cruz, a necesaria ampliación do ambulatorio de Mera, a carestía endémica nos servizos de pediatría, as listas de agarda mesmo en medicina familiar, o problema das matronas....

Cremos que estamos ante un momento importante, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que no noso concello e na Área Sanitaria se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir o deterioro do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.

Os municipios da Área de Sanitaria e do resto do país precisan uns servizos públicos de sanidade acordados co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG, propón ao Pleno Municipal do Concello de Oleiros, o apoio explícito á Manifestación convocada por la Plataforma SOS Sanidade Pública de Galiza o día 4 de febreiro na Praza do Obradoiro en defensa de 13 medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega.

1. Incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, até o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS),
2. Incrementar o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría; incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais
3. Apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, coa dotación suficiente para realizar a súa labor.
4. Reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público e aumentar a dotación das mesmas
5. Implantación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos.





CONCELLO DE
OLEIROS

6. Garantir que a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia
7. Reintegrar ao Sistema Público dos servizos privatizados e Recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o Sistema Público e ampliar o número de camas segundo
8. Elaborar de forma consensuada dun Plan de Saúde Mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal axeitado
9. Eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implantar unha política xusta e incentivadora.
10. Concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. Erradicar as prácticas de clientelismo e nepotismo.
11. Restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotalas de capacidade resolutiva e orzamento propio. Restituír as Áreas Sanitarias suprimidas e os recortes nos Hospitais Comarcais.
12. Reorientar o sistema ao «modelo comunitario e participativo», para garantir unha atención integral
13. Desmedicalizar o sistema, e acabar co uso irracional e abusivo dos fármacos e das novas

Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Oleiros á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, a través dos medios do Concello, a máxima difusión ao seu contido.”

9.3.- Moción do grupo municipal “Popular” para adopción de medidas encamiñadas a completar e manter o Cadro da Policía Local de Oleiros

Procede a dar lectura á moción presentada a voceira do grupo “Poplar” D^a **M^a Dolores Silva**, que se transcribe na parte dispositiva do acordo adoptado.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Uno de los mayores problemas que te tenemos en Oleiros es la falta de seguridad, como se puso de manifiesto en las fiestas del pasado verano, en los robos en viviendas, episodios de ocupación, etc.

El Gobierno local debe poner todas las medidas a su alcance para proteger a los vecinos, y la fundamental es completar la plantilla de la policía local, con un número de efectivos similar al aconsejado por la FEGAMP.

Para ello es necesario agilizar los procesos de selección, cediéndolos a la Xunta, y así evitar retrasos, costes de selección, así como cualquier sombra de falta de objetividad en dicho proceso.

Pero es necesario al mismo tiempo dotar a la plantilla de unas condiciones de trabajo y retribución similares a la de los Concellos limítrofes, incluso mejorarlas, para evitar que los agentes se marchen, como viene ocurriendo desde hace tiempo.

Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Oleiros, presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDOS

Primero.- Ceder a la Xunta de Galicia los procesos de selección de agentes para la Policía Local de Oleiros.

Segundo.- Cubrir cuanto antes las 16 vacantes dotadas presupuestariamente, e incrementar la plantilla hasta alcanzar los 54 agentes.

Tercero.- Equiparar los salarios de los agentes a los de los municipios del entorno, incrementando el complemento específico y el nivel profesional.

Cuarto.- Mejorar la retribución de las horas extraordinarias, y que nunca se supere el número máximo de horas establecido.





CONCELLO DE
OLEIROS

Quinto.- Mejorar sus instalaciones, dotación de material y equipamientos.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos presentes nesta sesión, é dicir, por **dezanove (19) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal de “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

Intervén o concelleiro do grupo municipal “Socialita”, D. **Jesús Fernández**, explicando que cre lembrar que foi no derradeiro pleno celebrado que o alcalde alegaba de que os axentes da Policía Local íanse de Oleiros, que solicitaban o traslado e marchaba porque sí, vaia o resultado dunha reflexión profunda para abordar os problemas con entereza e honestidade.

Os e fas funcionarias dentro das súas virtudes e defectos, das virtudes pódese dicir que menteñen unha certa inercia e non se moven si se atopan a gusto e de aí que se os axentes de Policía marcha para outros concellos deben existir motivos que vaian un pouco máis aló que un simple porque sí. Haberá que dialogar e preguntarlles, ó igual que falou antes a súa compañeira cando dicía que para traer unha moción sobre o centro de saúde de Mera o propio sería falar cos profesionais que desenvolven o seu traballo alí para falar coa xente e ver que se precisa, no caso da Policía Local outro tanto do mesmo, se existe na actualidade un goteo deles que marchan haberá que analizar que é o que lles leva a irse.

O certo é que a día de hoxe existen poucos axentes para a poboación de Oleiros e iso repercute no desenvolvemento dos servizos e por iso o seu grupo propón unha emenda de substitución ó punto primeiro do acordo proposto polo PP na moción para que recolla o seguinte:

1.- Propoñen mellora e facilitar a conciliación familiar, así como ampliar prestacións como atención bucodental e complementos como gafas, tratamentos de fisioterapia ou material ortoprotésico, así como outros complementos sociais para os axentes da Policía e dos seus familiares directos.

Dito isto, non queren dicir que os axentes da Policía Local teñan unha serie de dereitos que non teñen outros traballadores públicos senón porque outros concellos da contorna están a ofertarlles este tipo de prestacións, lóxicamente máis de que se van porque sí, probablemente mellorando as súas condicións laborais axudaría a pechar esa sangría porque non vale dicir que se van para outros concellos, que se a Lei da Xunta de Galicia é moi perxudicial para os concellos pequenos porque cada quen ten que xogar coas cartas que ten e o seu grupo propón esas ferramentas para utilizalas e ser valentes.

Intervén o concelleiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que non están de acordo que exista falla de seguridade no concello polo bo facer da Policía Local e tamén pola conciencia e educación cívica da cidadanía, moitos dos delitos son dos que lle chaman ‘en itinere’.





CONCELLO DE
OLEIROS

Dito isto, cre que é certo que en moitos casos non existen alicientas para os axentes aínda que aparentemente están ben, cun grupo humano marabilloso, é dicir, unha Policía punteira e cren tamén na necesidade de ofertarlle unhas mellores condicións laborais para que fiquen en Oleiros e que non se vexan na obriga de marchar a outros concellos e constatárono porque faloron con membros da Policía Local e aínda que están contentos ó final as condicións e oportunidades, non só económicas, ábrelles a posibilidade de marchar e de aí a proposta do BNG é poidan dar unhas condicións acordes ó século XXI para a Policía Local.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que cando fala a voceira do Partido Popular de falla de seguridade total en Oleiros, debe ser porque se está en campaña electoral, non está de acordo, roubos hainos en tódolos lados, os ladróns non teñen lugares determinados para delinquir pero en Oleiros non teñen esapazo, aínda que é certo que algunha vez tamén se producen roubos que máis pronto que tarde a Garda Civil ou a Policía Local os deteñen como hai ben pouco detiveron a esa banda de ladróns que viñan dos países do leste e que parece ser que viñan tódolos anos, o que si pódese dicir que existe un vandalismo produto de reunións de rapaces que ó mellor beben e, incluso, consume drogas e isto non é problema da Policía Local, nin do Concello de Oleiros, nin da Garda Civil, nin da Policía Local, é un problema dos pais e nais que teñen que estar máis de preto deles, porque cre que non atenden o suficiente ós fillos, como pode ser o feito acaecido estes días atrás en Sta. Cruz, onde uns rapaces cun machete cortaron catro árbores polo medio, tronzándoos, un acto cunha violencia extrema e que sen dúbida entende que non estaban nunhas condicións normais como para facer isto e estes feitos non se está libre de que ocorran nun municipio con máis de 40.000 habitantes e que, de cando en vez, acontecen este tipo de feitos...

Apunta a voceira do grupo “Popular”, Sra. **Silva**, que se existen eses problemas haberá que atoparlle unha solución...

Segue o alcalde, Sr. García, sinalando que xa se buscan solucións, porque no concello existe unha Policía Local moi boa, que ten un entendemento total desde sempre coa Garda Civil, de feito, coordínanse entre ambos corpos para facer acutacións, polo que é incerto que exista unha situación tan dramática como queren facer ver e en canto ó alegado tamén na moción sobre o procedemento de selección de axentes da Policía Local, dicir que este goberno municipal tivo que tomar a decisión de facerse cargo deste procedemento selectivo porque a Xunta de Galicia se non había un número determinado de vacantes no facía procesos selectivos mentres os concellos galegos vanse desmembrando e non podían cubrir as prazas que se marchaban por mobilidade porque non había proceso selectivo promovido pola Xunta de Galicia.

No caso de Oleiros un marchou para Melide, outro para Guitiriz e o concello non as puido cubrir polo que quedaron vacantes e ante isto tomaron a decisión de convocar as prazas desde o propio concello e, de feito, existe en marcha na actualidade un proceso para cubrir cinco vacantes e ó que se presentaron máis de 300 persoas aspirantes e verán si a Xunta de Galicia cambia en canto a estes procesos selectivos porque, do contrario, Oleiros seguirá promovéndoo desde o concello.





CONCELLO DE OLEIROS

No exposto polo concelleiro do grupo “Socialista” e no que alega que existen axentes que deciden marchar, cada quen é libre de ir para onde estimen oportuno, outros veñen, rematan de vir por mobilidade dous axentes doutros concellos e esta é a situación actual; tamén nestes días está previsto que se incorporen cinco novos axentes.

Tamén sinalaba que se debería incentivar dándolle unha serie de complementos e a isto ten que dicirlle que este concello non vai atender a grupos ou servizos de xeito individual, existe unha RPT que ó mellor haberá que revisar porque leva en vigor desde o ano 2018, de feito estase xa a abordar este tema falando con quen hai que falar e o que non van facer é subirlle o salario a uns e deixar de lado ós outros porque existe un cadro de persoal duns 300 traballadores e traballadoras, polo que abordarán o tema dun xeito amplo e onde se atenderán as condicións que se consideren xustas, de aí que se estea xa negociando cos representantes sindicais do concello.

Respecto dos complementos dos que falou tamén o concelleiro do PSoE, dicirlle que desde xa hai moitos anos existe un regulamento de axudas sociais neste concello e tódolos conceptos ós que aludiu teñen acceso tódolos traballadores e traballadoras do concello non só ós Policía Locais.

Sobre xogar cada quen as cartas, dicirlle que cando se xoga contra tahures como a Academia Galega de Seguridade Pública, que fixo as regras a súa conveniencia e máis para cobrar dietas por impartir clases e que ademais, para que se saiba, os axentes de Policía que pasan a oposición logo teñen que ir seis meses a esta AGAP pagados polos concellos, sen estar traballando para o concello, pagando para que se formen polo que insiste en que si se enfrontan con tahures, tamén hai que saber con quen se senta un a xogar.

A Lei é moi perxudicial e espera que se cambie máis pronto que tarde, porque xa é un tema recorrente entres os 22 concellos galegos de máis de 20.000 habitantes e todos coinciden en que o se cambia a lei ou haberá que forzar para que o fagan.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada, acadándose o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); **tres (03) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **once (11) votos en contra** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita* a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

9.3.- Moción do grupo municipal “Socialista” para adopción de medidas encamiñadas á promoción de vivenda pública no concello e que deixe de especular con chan público municipal

Expón a moción o concelleiro do grupo “Socialista”, D. Jesús Fernández, dando lectura ó texto da moción presentada e que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal Socialista solicita a través desta moción **que o Concello de Oleiros deixe de especular con chan público mentres non sexa capaz de dar resposta ás necesidades de vivenda dos nosos mozos e de veciños con recursos limitados aos que o seu concello de nacemento está a expulsar**. Este xeito de proceder especulando con





CONCELLO DE OLEIROS

chan público é unha nova mostra dun proxecto de xestión esgotado e sen ideas que non favorece aos veciños e veciñas de Oleiros.

Na súa intervención da recente cea de nadal ante os traballadores municipais e dos membros da Corporación no seu discurso de máis de vinte minutos adicou un tempo a autocomplacerse “...*polo ben que o está a facer en Oleiros que os ricos queren vir para eiquí, con casas que se venden por 800.000 €, 1.000.000€, pisos por 500.000€...*”. Tal é a distorsión provocada por tantos anos de goberno que non se da conta de que iso do que se vangloria é un drama que expulsa á xuventude oleirense do concello no que se criaron, e que calquera que realmente fose mínimamente progresista debería de traballar por reverter.

Por outra banda cómpre esixirlle á Xunta de Galicia que a través do IGVS lembre a capacidade e competencia -polo menos no papel- que ten para atender á construción de vivenda de protección pública cousa que non está a facer no noso Concello.

Os socialistas propuxemos nas eleccións de maio **mudar o modelo de xestión para finalizar co urbanismo excluín-te, para que os nosos fillos e fillas, os nosos mozos e mozas poidan seguir vivindo en Oleiros e imos seguir traballando nesa liña constructiva e propositiva.**

Nestes días o goberno de Alternativa dos Veciños publicou a licitación do contrato de alleamento de tres parcelas municipais para a construción dun total de 54 vivendas plurifamiliares suxeitas a réxime de vivenda de protección pública, **por un importe de 1.421.899,55€, o cal fai que o precio do chan que vai repercutir o promotor en cada unha desas 54 vivendas sexa de cerca de 30.000€.** O Concello dí que vai impulsar a construción de 54 vivendas de protección cando en realidade o que vai facer é encarecelas en casi 30.000€.

O que demanadamos é que igual que se fai noutros concellos, en vez do emprego da política de bronca e confrontación institucional do Alcalde que perxudica neste campo da vivenda como noutros aos veciños aos que di defender, se poña a disposición da Xunta de Galicia terreo para construír vivenda protexida e que sexa esta quen se encargue do proxecto e posterior execución, e que ademáis **lle ceda ao Concello un número de vivendas xa rematadas, polo que a cesión non sería gratuíta senón por mor do interés da veciñanza.**

O Concello de Oleiros non pode mirar para outro lado co problema de vivenda que existe e por outra banda non pode seguir liquidando o patrimonio municipal para cadrar os seus orzamentos porque iso é pan para hoxe e fame para mañá.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista de Oleiros solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1. O Pleno da Corporación Municipal de Oleiros aproba que o Concello deixe de especular co chan público e que o poña a disposición da Xunta de Galicia para que esta execute a construción de vivenda de protección cousa que non está a facer.
2. O Pleno da Corporación Municipal de Oleiros aproba que como contraprestación á cesión deste chan a Xunta de Galicia esta entregue ao Concello unha porcentaxe destas vivendas xa rematadas que poderá empregar para atender necesidades dos nosos veciños e veciñas.
3. O Pleno da Corporación Municipal de Oleiros comprométese a non empregar o chan público de xeito que encarezca a construción de vivenda de protección pola dificultade engadida que lle pon a quen máis precisa do apoio público para saír adiante.
4. O Pleno da Corporación Municipal de Oleiros comprométese a non seguir liquidando o patrimonio municipal para cadrar os seus orzamentos posto que iso é insostible por definición, pan para hoxe e fame para mañá.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos presentes nesta sesión, é dicir, por **dezanove (19) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal de “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).





CONCELLO DE
OLEIROS

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

Intervén o concelleiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, manifestando que a función social da vivenda e o dereito a acceder a esta carece de valor diante dun sistema que a trata como un simple valor de consumo suxeita ó valor de mercado.

O BNG defende unha política de vivenda que dea prioridade ós alugueiros sociais e promova o uso das vivendas baleiras e deshabitadas e segundo recente estudio do INE, Oleiros conta con 3.555 vivendas baleiras sobre as 19.268 que contabiliza o devandito estudio; un 18,4% do total, incrementouse en catro puntos respecto do 14,5% existente no ano 2011 que coincide, ademais, cun forte incemento da concesión de licenzas para novas vivendas, é dicir, máis vivenda baleira e máis licenzas municipais.

Insiste en que o BNG é máis partidario de priorizar a vivendas existente fronte ás de nova contrución máis, porén débese recuperar a porcentaxe de vivenda protexida que houbo con anterioridade ó ano 2014, a baixada de vivenda protexida no concello baixo dou 33,42% ó 10% e logo ó 6,4%. Isto non é só cousa do Concello de Oleiros porque débese lembrar que no ano 2010 o presidente Rodríguez Zapatero deixou de conceder axudas tanto a promotores de vivendas protexidas coma ós compradores para a súa adquisición, existíña axudas de 12.000 e 15.000 € que foron eliminadas, isto continuou co goberno de Mariano Rajoy e a día de hoxe segue con Pedro Sánchez. Poden observar que o prezo é inalcanzable e prohibitivo case que para cada inmoible, especialmente nos existentes nas grandes cidaes ou na súa contorna, como é o caso de Oleiros, aínda que incluso aquí existe incluso prezos máis caros que incluso na Coruña.

A cidadanía segue a demandar vivenda protexida, existe unha estatística do rexistro único de demandantes de Galicia do IGVS que aseguraba a semán pasada que os demandantes subiu a 5.209 que só na provincia da Coruña agardan acadar unha vivenda a prezo asequible, perante esta demanda a Xunta de Galicia comprometeuse a construír 737 vivendas nas 7 cidades galegas, vese que o sistema fai augas por tódolos lados.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que dicía no texto da súa moción que o concello deixara de especular e que dea resposta ós xóvenes e a iso ten que dicir que quen ten que dar solucións ós xóvenes son aqueles que os enganar, os que agora falan nos mítines e noutros de acceso á vivenda e outras, agora o que fan é compralos con bonos deporte ou cultura, para mercar un chandal ou un libro, pero non para vivendas porque son bastante máis caras e fan eso pensando que os rapaces e rapazas son parvos pero cre que non caen na trampa de votalos.

¿Quen ten que facer política de vivenda? O goberno da nación ¿Canto tempo levan sen axudar á compra de vivenda? Remátao de dicir o concelleiro do BNG, despois de Zapatero, e antes tamén, non se convocan axudas e agora segundo manifesta a ministra de Ferrol parece que van solucionar este problema e cando o vexa vaino crer. Insiste en que quen ten que solventar ese problema para a xuventude é o goberno da nación, queren vivendas máis económicas para alugar ou comprar e deses cinco mil e pico que ramata de dicir o concelleiro do BNG cento





CONCELLO DE
OLEIROS

cincuenta e pico son veciños e veciñas de Oleiros que queren comprar e o goberno municipal vai facer 54, case que o 50% deses demandantes inscritos no IGVS.

O goberno do Estado é que ten que promover esa política a través das comunidades autónomas e fomentar a promoción de vivenda pública, porque o que é unha utopía é que as fagan os promotores porque mentres poidan facer vivenda libre non van facelas de protección e o que reclaman é que o Estado ou a CCAA axuden a través de incentivos ou axudas con créditos a fondo perdido para poder comprar, descontos no imposto durante 25 anos non pagando IBI, pero todo isto desapareceu lamentablemente da man dos socialistas, tamén do Partido Popular, pero maioritariamente da man do PSOE.

Xa o dixo en moitas ocasións, desde que leva de alcalde fixéronse 754 vivendas de protección con parcelas municipais vendidas para que se fixeran esas vivendas nos mellores lugares de Oleiros; fronte o Hotel Portocobo; fronte á Casa de Esther; no alto de Perillo a carón da Piscina; en Mera detrás da Lagoa; detrás da Casa do Concello, insiste en que nos mellores sitios e non en calquer lugar apartado que é o que acostumaban facer os gobernos de turno cando facían este tipo de vivenda, esas políticas neste concello non se fixeron nunca, aquí faise política seria e o prezo de poxa dos solares sácase a un prezo que contempla a posibilidade de que se poidan facer vivendas de protección e iso foi o que levan facendo desde sempre, por exemplo, unha vivenda libre en Perillo, a repercusión se un constructor compra unha parcela alí ou en Sta. Cruz, ten unha repercusión no solar mínima de 60.000 €; unha parcela para isto vai ter unha repercusión duns 25 a 30.000 € de entrada, 30 ou 35.000 € que van ter que pagar os veciños que poxen por esta parcela, de aí que o concello estimula ós promotores para que fagan vivendas de protección para as persoas xóvenes e non tan xóvenes que demandan vivendas neste municipio, polo que o goberno municipal está a facer o seu traballo, outros concellos non o poden facer porque carecen de plan xeral de urbanismo e non teñen solo, pero Oleiros ten planeamento e o xestiona e en breve ademais do que vai saír agora, saldrán máis en Mera, aquí en Oleiros a carón da Piscina, en Perillo, etc., etc. nos mellores lugares.

Esta xestión, ademais de solucionar esta problemática de acceso á vivenda para os demandantes neste concello é certo que tamén axuda a inxectar recursos económicos ó orzamento e que logo se destinan para obras de mellora da veciñanza, polo que non liquidan patrimonio senón que se xenera coa xestión que fai o goberno municipal.

Solicita en quenda de resposta o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, salientando que o alcalde na súa intervención recoñece que van repercutir en cada vivenda uns 30.000 €, polo que se fai o que se solicita na moción no sentido de que a proposta é de cederlle ese solo á Xunta de Galicia para que constrúa, o valor do terreo é o mesmo en Perillo, nunha parcela pública, que libre. O valor de construción é o mesmo, o valor de repercusión da parcela se é cero, porque o concello cede ese solo á Xunta de Galicia e ésta promove resulta unha operación moi boa para o concello, porque o concello cede o terreo quedándose cunha serie de vivenda se investir un euro como aproveitamento desa urbanización a cargo do IGVS, esas vivendas poden pasar a formar parte do parque municipal de vivendas para atender situacións por exemplo no departamento de servizos sociais, situacións habitacionais urxentes, polo que en vez de botar balóns fóra coma sempre e falar doutras administracións, do que se está a falar aquí é do que atinxe a este concello, se o alcalde comprométese a non seguir vendendo terreo





CONCELLO DE
OLEIROS

público a promotores ó mellor postor, esa vivenda vai resultar máis barata e asequible para os demandantes precisamente que precisa do público para chegar a ter unha vivenda digna.

Polo tanto, hai que copiar das boas prácticas que fan outros concellos con convenios coa Xunta de Galicia pero que aquí non quere facer. Por outra banda, o seu grupo dixo que apostaría pola vivenda de aluguer, especialmente para os xóvenes, e xa propuxeron cando se debateu o orzamento que se podería facer cos 12 millóns de euros que vai custar o auditorio...

Neste intre o alcalde, D. **Ángel García**, retíralle a palabra ó concelleiro do grupo “Socialista” que estaba a intervir por ter esgotado o seu tempo de réplica.

Solicita a palabra e intervéen a concelleira do grupo “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, só para lembrarlle ó alcalde que sobre o dito do bono deporte da Xunta de Galicia os beneficiarios son nenos e nenas entre 6 e 16 anos, non se compran eses votos e está segura de que aquí existen moitas familias que disfrutaron ou van disfrutar dese bono deporte.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, poñendo de manifesto que ningún promotor vaise presentar a unha poxa para adquirir solo e facer vivendas cun prezo taxado e a pagar máis do que ten que pagar, polo que non existe aquí especulación de ningún tipo e sinálalle ó concelleiro do PSOE se esa política aplicárona en Vilagarcía, en Coruña, Culleredo, Santiago ou Cambre ¿Aplicárona en todos eses concellos onde gobernan?...

Contesta o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, que están en Oleiros e como sempre balóns fóra e retíralle a palabra, o que non pasa en ningún concello é que a muller do alcalde compre parcelas municipais...

De súpeto, prodúcese un vocerío no salón de sesións intre no que o alcalde, D. **Ángel García**, descalifica de forma notoria ó concelleiro do grupo “Socialista”, Sr. **Fernández**...

Despois deste intre de tensión, remata a súa intervención o alcalde, Sr. **García**, insistindo en que ningún promotor vai pagar por un solar máis do seu valor para facer vivendas de protección porque o prezo é limitado, polo que parece que o pretende o concelleiro socialista, cunha gran demagogia, é converter a Oleiros nunha ONG e volve insistir tamén que lle diga en qué municipios onde goberna o PSOE fan esa política que pretende propoñer aquí, dicindo que tería que copiar doutros concellos.

Antes de pasar á votación da moción presentada, o alcalde solicita de min secretaria, que se recolla en acta o que dixo o concelleiro do grupo “Socialista” sobre a súa muller, despois de ter padecido unha denuncia no ano 2016 presentada por un representante tamén do PSOE neste concello da que resultaron absoltos sobre esta cuestión tanto a súa muller como él.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada, acadándose o resultado de **dous (02) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”); **seis (06) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **once (11) votos en contra** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).





En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

*** rogos e preguntas**

9.4.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre reparacións varias e que se actúe con maior rapidez e profesionalidade

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Na Rúa da Chave existe un socavón desde o pasado mes de agosto, solucionaron o tema cortando a rúa ó igual que fixeron nos Regos, diante da Farmacia Veterinaria, que o taparon mal despois de meses, cre que hoxe mesmo estaban a arranxar as beirarrúas, polo que rogan que se fagan os arranxos en vías públicas con maior rapidez e profesionalidade, vendo tamén o mal estado da balaustrada do Parque de Sta. Cruz, rogan que sexa reposta, arranxada ou retirada, antes de que caia nalgún pé de veciño ou veciña que pase por alí.”

9.5.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre adopción de medidas para rematar coa praga da procesionaria

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“Parece que volveu a praga da procesionaria, polo que rogan que se tomen medidas axeitadas para erradicala definitivamente, dado que son perigosas para nenos e mascotas, é novamente a veciñanza quen alerta sobre este problema.”

9.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre novos derrubamentos na zona do Xunqueiro

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

“Segue existindo risco de novos derrumbes no Xunqueiro, polo que rogan que asuman as súas competencias e o arranxen antes de ter que lamentar unha desgraza.”

9.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxo de problemas de paso de peóns na Rúa Leticia

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Na Rúa Leticia existen dúas palmeiras xusto na beirarrúa cuxas pólas impiden o paso dos peóns, tendo que invidar a calzada para pasar co correspondente perigo que conleva. Tamén, na subida da mesma beirarrúa, está chea de verdín e polo tanto moi esbaraízo, por isto solicitan unha solución a estes problemas e que se faga un mantemento periódico na zona ó se tratar dunha beirarrúa con moita afluencia de peóns.”

9.8.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre remate das obras na contorna do Sol y Mar

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando:

“As obras do tunel do Sol y Mara están sen rematar, só é accesible un carril en sentido A Coruña polo que se forman grandes atascos ¿Saben cando estarán utilizables os dous carrís? E ¿Cando se rematará a parte superior, é dicir, a rotonda superior e os carrís laterais?. “

9.9.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre mellora da Avda. de Sta. Cristina

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“A mellora da arteria principal de Sta. Crsitina, a súa avenida, é un proxecto anunciado e longamente demandado pola veciñanza que segue demorándose ¿Saben a qué se debe o retraso e cando comenzarán as obras? Porque teñen coñecemento de que o contrato está asinado. Por outra banda, ¿Teñen previstas a concesión de axudas ou apoio ó sector hostaleiro durante a execución das obras?.”

9.10.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre o muro existente na Rúa Rafael Alberti

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“Quería poñer de manifesto e lembrarlle ó goberno municipal que o muro da Rúa Rafael Alberti segue nun estado lamentable ¿Cando teñen pensado tomar medidas con este asunto?; ¿Vai seguir Sta. Cristina abandonada como está na actualidade? A estes efectos, gustaríalle aportar unhas fotografías.”





9.11.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre accións coa fin de recuperar e promocionar o Mercado Municipal de Perillo

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

“Sabem que é moi complicado, debido á existencia de tantas grandes superficies comerciais, pero ¿Qué ten pensado facer o goberno municipal para recuperar e promocionar a actividade do mercado municipal,? Tendo en conta o escaso éxito da recente convocatoria para ocupar postos vacantes; ¿Cren que inflúen os centros comerciais previstos na contorna?.“

9.12.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre polémica coa Deputación Provincial por mor dunhas obras realizadas no municipio

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Non entenden a última polémica que mantén o alcalde coa Deputación provincial sobre a titularidade de execución de determinadas obras que a institución provincial declara como de seu ¿Podería explicarlles a que se debe esta polémica?.“

9.13.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre adopción de medidas para potenciar e axudar ó comercio local

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista a través deste rogo solicita ao Concello de Oleiros que de forma inmediata tome medidas para potenciar e axudar ao comercio de proximidade, sobre todo en Santa Cruz, onde amosa signos inequívocos de estar xa nunha situación dramática.

Todas e todos poden observar como se están a pechar pouco a pouco as tendas que se foron abrindo en Sta. Cruz, por certo, moi celebradas pola veciñanza desa zona e isto ten que preocupar e ocupar, hai que ter moi presente o acontecido en Oleiros pobo, o que había e o que non hai ou en Mera, porque son moitos os veciños e veciñas que ocupan estas novas urbanizacións e non teñen comercio local onde ir comprar. Hai que ter claro o que remata de acontecer no Mercado Municipal de Perillo, onde só dous licitadores ofertaron a 10 postos libres, polo que entenden que algo se está a facer mal e débense tomar medidas para frer esa sangría, empezando por Sta. Cruz, onde aínda se pode facer algo para inverter esa tendencia ó peche de locais.”

9.14.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre habilitación de duchas durante todo o ano nas praias onde se adoita facer deporte

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista a través deste rogo solicita ao Concello de Oleiros que nas praias onde se practica deporte todo ano se manteñan tamén sempre en uso as duchas públicas.

Existen praias no concello que son utilizadas durante todo o ano, seguramente están a pensar en Bastiagueiro onde a práctica do surf é habitual ó longo do ano, a parte de Bastiagueiro, tamén Sta. Cristina ou Mera acollen practicantes de diferentes deportes durante todo o ano, polo que lles solicitan que presenten dita petición.”

Antes de proceder a expoñer o rogo do grupo “Socialista”, o concelleiro D. **Jesus Fernández**, sinalárame a min secretaria, que solicita que se reflictan en acta as descalificacións, ameazas e as afirmacións ditas polo alcalde.

9.15.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre peticións varias da veciñanza

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Os veciños de Iñás levan tempo reclamando, sen obter resposta ata agora, a colocación dunha marquesiña na rúa Bergantiños, detrás do novo Gadis da N-VI onde para o bus e non hai onde resgardarse. Pregamos que se atenda de inmediato esta petición lóxica e outras similares que cheguen ao Concello como a da colocación de bolardos para a mellora da seguridade na contorna do IES Miraflores, aínda non colocados, e que é unha reclamación feita a este Concello hai máis de tres anos.





9.16.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre o método utilizado para escoller á persoa que será a sucesora do actual alcalde

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista a través deste rogo solicita ao Sr Alcalde do Concello de Oleiros que informe de cal foi o método utilizado para escoller á persoa que pensa vai ser o seu sucesor, designación que fixo publica na cea de Nadal do Concello, e tendo en conta a obriga legal de que “A estrutura interna e o funcionamento dos partidos políticos deberán ser democráticos” que impón a Lei Orgánica de Partidos Políticos, a cal esixe pois que o funcionamento dos partidos políticos deberá ser democrático.

Os e as asistentes á cea de Nadal do Concello puideron comprobar como o alcalde no seu discurso, aproveitou a ocasión para anunciar que tiña sucesor, a pesares de que segundo tiñan escoitado parecía non había relevo. En honor á verdade, ten que salientar que a designación foi moi pouco protocolaria dado que se zanzou cun “tí levántate”. Dado que os partidos políticos existen métodos democráticos para abordar este tipo de sucesións, como por exemplo as primarias, e que a demais os elixidos teñen logo que participar nunhas eleccións democráticas nas que a veciñanza co seu voto designan ós rexidores, agás que ese anuncio sexa para comunicar que vai renunciar ó cargo.

Coa fin de entender ese nomeamento rogan que teña a ben explicar cómo, cando e de que maneira se fixo a selección para substituílo, si se presentaron máis candidatos e que opinan os demais membros do goberno sobre ese anuncio e, sobre todo, se está valorando deixar a alcaldía antes de que remate este mandato.”

9.17.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre a posta a disposición da Xunta de Galicia dos terreos necesarios para a construción dun novo centro de saúde en Mera

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, sinalando:

“O seu grupo tiña presentado tamén un rogo sobre o centro de saúde de Mera, e van seguir insistindo en que recapite o goberno municipal e que se inicie de xeito inmediato os tramites para a cesión dos terreos necesarios para a construción dun novo centro de saúde en Mera, sabe que así non os vai poder vender e ese é, ó mellor, o problema pero entenden que son imprescindibles para dotar ó pobo de Mera e de toda a zona norte de Oleiros, dun espazo suficiente para atender as necesidades sanitarias que ten hoxe e as que pode ter no futuro, incorporando as prestacións que sen dúbida ten que ter a atención primaria.

Un terreo onde a veciñanza poida acceder co seu vehículo sen ter que estar atendendo á zona ORA pero, sobre todo, onde poidan acceder con facilidade as ambulancias e as urxencias e non ter que acceder a través dun ascensor, como pretenden, coas dificultades por exemplo que isto ocasionaría para as camillas, reflexionen porque cren que é un tema moi serio e importante.”

9.18.- Preguntas do grupo municipal “Socialista” sobre o proxecto do Edificio Multiusos de Bastiagueiro

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“¿Cales son os motivos que fixeron que para unha licitación dunha obra como a do auditorio de casi 12 millóns de euros, só se presentase unha oferta?.

Entenden como moi preocupante a continúa nebulosa que hai en torno ao auditorio multiusos de Bastiagueiro e a súa viabilidade, urxen aclaracións sobre esta obra, que vai supoñer case a metade do orzamento anual de investimentos no concello e sobre a cal aínda non recibiron información sobre a existencia dun estudio de retorno do investimento, nin cales van ser os custos de mantemento posteriores, queren que quede respostado e, de non ser así, que quede constancia na acta.

Por outra banda, resulta cando menos curioso que si se toman como referencia outras obras similares convocadas por outras administracións, a ausencia de ofertas o que leva a unha mala praxis ó limitar a competencia perxudicando á veciñanza oleirense. Se as constructoras están para gañar cartos ¿Cómo é posible entender que tan só houbera unha empresa interesada nunha obra de 12 millóns de euros?.

Isto o que pode xerar é que se suscite dúbida sobre a viabilidade técnica da obra, económica ou do propio proxecto ou que non estea ben orzamentado e definido, que pode dar lugar a que existan unidades de obra non contempladas ou ben cuantificadas, é dicir, circunstancias que anomalamente non houbera competencia na adxudicación dunha obra de tal envergadura.





CONCELLO DE OLEIROS

Como hai que lembrar que a lei permite modificacións nas certificacións, se en global presenta un incremento no gasto superior ó 10% ó prezo inicial, nun contrato de 12 millóns de euros supón unha cantidade moi importante, por non falar de unidades de obra non contempladas que o concello valoraría sen necesidade de resolver o contrato e o metería no custe final do mesmo, polo tanto gustaríalles saber si ou non, é doado ¿Pode asegurar o goberno municipal se non haberá introducción de unidades de obra non previstas no proxecto ou con características que difiran nas fixadas neste, porque aumentarían aínda máis o custe final da obra e que serían pagados por tódolos oleirenses?.

¿Pode asegurar o goberno municipal de Oleiros que non haberá variación no número de unidades de obra realmente executadas e previstas na medición do proxecto? O alcalde dirá se vai haber variacións nas medicións, se vai haber modificacións, si ou non e por último ¿Pode asegurar o goberno municipal de Oleiros se non haberá modificativos que supoñan un sobrecoste sobre o previsto xa licitado e adxudicado?."

9.19.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-BNG sobre habilitación do servizo de duchas nos areais municipais

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"Xa presentado polo grupo "Socialista", só engadir que ó non haber restricións de auga ¿Por qué non se habilita este servizo tan demandado polos usuarios que van practicar deporte durante todo o ano ás praias municipais?"

9.20.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-BNG sobre novas sendas litorais entre Naval e Canide

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"A faixa de costa (Naval-Canide) á cal vai afectar a construción das novas sendas descorre por zonas merecedoras da maior das proteccións. Esta zona, e malia estar entre dous núcleos moi poboados e cunha alta densidade de poboación mantense nun estado máis que aceptábel de conservación. Xa existen camiños e sendas tradicionais por onde pasean as veciñas. Polo que ideal é obrigado será cinguirnos exclusivamente a eses chamemos camiños tradicionais e previos, cun criterio claro de preservación dados os seus enormes valores, en moitos dos casos equiparábeis á Costa de Dexo e merecedora dunha similar protección. Débese actuar con sumo coidado e atendendo ao principio de intervención mínima, actuando contra construcións ilegais, mellorando os camiños e o patrimonio existentes como fontes, mais sen provocar unha pegada insostíbel cos valores da zona que debe seguir sendo unha zona exclusivamente NATURAL, non urbana. Non cómpren nin fortes investimentos nin agresividades absolutamente prescindíbeis, esta zona non pode ser tratada con criterios aplicábeis a un parque máis, cunha zona de grellas e demais elementos "recreativos" existentes noutros lugares máis acaídos para elo.

Solicitan do Concello que teña en conta todas estas incidencias á hora de determinar esta nova senda."

9.21.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-BNG sobre maior transparencia e participación nos procedementos municipais

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"Os Concellos garanten a veciños e veciñas o seu dereito á información sobre a xestión das competencias e servizos municipais, de acordo coas disposicións legais vixentes. Todas e todos os cidadáns teñen dereito a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que ostenten a condición de interesados e obter copias dos documentos contidos neles e a identificar ás autoridades e ó persoal ao servizo da Administración Municipal Local baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.

Partindo da diferente complexidade que poidan ter as peticións da cidadanía, cremos que se poderían facer públicos trimestralmente os prazos de resposta do Concello ás devanditas solicitudes cidadás ao igual que se fai por exemplo cos pagamentos das facturas aos diversos provedores ou recentemente co seguimento do SAF. Neste sentido pedimos ao Concello que consideren esta posibilidade que redundaría na transparencia e na participación."

9.22.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-BNG sobre maior transparencia e publicación na web dos rogos e preguntas presentadas polos grupos municipais, seguimento, estado no que se atopan e tempos de resposta ós mesmos

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:





“Nesta mesma liña e co gallo de acadarmos unha maior transparencia, tamén gostaríamos de que a cidadanía puidese coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que aínda non ostentando a condición de interesados directos, si se visen afectados os seus lexítimos intereses, como acontece no caso dos rogos e preguntas, nos que os partidos da oposición actúan como correa transmisora deses lexítimos intereses da cidadanía. Neste caso concreto e dado que os rogos e preguntas teñen carácter público e xeralista, achamos que o máis acaído sería que a través da propia web municipal se fixese un seguimento do estado no que se atopa a tramitación dos mesmos e os tempos medios de resposta ás solicitudes.

9.23.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre modernización no servizo de información das liñas do transporte público

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O Concello de Arteixo iniciou o pasado mes de novembro a colocación de postes e marquesiñas intelixentes no Concello. Este investimento está financiado ao 80 % por fondos Feder da UE, polo que o Concello de Arteixo pois apenas recorreu a capital propio para financiar a modernización do servizo de información acerca das liñas de autobuses de transporte público, tendo en conta que a principal vía de información puntual para as persoas usuarias, ademais do telemóbel, son as propias marquesiñas e os postes intelixentes.

Rogamos ao Concello de Oleiros que considere proceder do mesmo xeito na procura da modernización do servizo de información das liñas de autobuses de transporte público, se é que aínda non o fixo.”

9.24.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre petición de instalación de marquesiña e habilitación de beirarrúa na Avda. Salvador Allende, cruce coa Rúa Regueiro Oscuro

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Existe unha solicitude presentada ao Concello, hai aproximadamente ano e medio, e realizada por nais e pais da parroquia de Nos, na que demandan a colocación dunha marquesiña na Avda Salvador Allende (AC-221), próxima ao cruzamento coa rúa Regueiro Oscuro. Esa marquesiña, en sentido Cecebre, é imprescindible para protexer aos nenos e acompañantes que diariamente agardan o autocarro para desprazarse aos seus centros educativos. Alén de estaren á intemperie e desprotexidos, tampouco existe ningún ponto de luz, tendo en conta que nunha grande parte das xornadas escolares aínda é de noite a esas horas da mañá. Para a volta si existe marquesiña situada na mesma avenida esquina rúa As Grobias, porén os nenos e nenas que regresan camiñando ás súas casas, fano pola beira da estrada e sen beirarrúa, nun treito perigoso e por unha revolta pronunciada e con bastante tránsito. A estrada é de competencia autonómica.

Solicitamos ao Concello que amañe ou xestione esta situación á maior brevidade posíbel dados os elevados riscos para a integridade e seguranza das crianzas.”

9.25.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre uso do Torreón Bescansa

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“O torreón Bescansa, de titularidade municipal, foi reformado a fondo hai xa uns anos. Nun primeiro intre ía ser destinado como local para a mocidade, proxecto que no callou. Con posterioridade, foron levadas para alí algunhas dependencias de servizos sociais que, unha vez reformada Vila Etxeberri, estes servizos sociais foron trasladados alí.

¿Que uso se lle está a dar ao Torreón Bescansa?; ¿Qué actividades desenvólvense alí ou existe algún servizo municipal?”

9.26.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre a continuidade na execución da Vía Ártabra

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“O director da Axencia Galega de Infraestruturas, dependente da Consellaría de Mobilidade e Infraestruturas afirmou hai uns meses a respecto da continuación da Vía Ártabra sen ningún tipo de rubor e vergoña que “es una cuestión que va a llevar muchos años” e permítese mesmo facer brincadeiras afirmando que “confía en que esta vez lleve menos de 15 años” e que “hay que ser garantistas al máximo”. Agora falan de mínimo 2027 cando





CONCELLO DE
OLEIROS

levan 3 anos sen “pegar un pao á auga” Xeracións de veciños e veciñas da comarca vanse ver afectadas pola incompetencia máis absoluta da Xunta da Galiza enquistando durante lustros os problemas xa endémicos de mobilidade que nos afectan e perpetuando esta insostíbel situación.

¿Qué medidas ou accións pensa tomar o Concello contra isto?”

9.27.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre eivas no transporte público

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“A carestía das liñas e frecuencias, autocarros a rebentar, problemas ocasionais coa accesibilidade, carencia de información actualizada e dinámica dos servizos son algunhas das eivas que padecemos en Oleiros co transporte público. Perante todas estas demandas a Xunta de Galiza amósase incapaz e carente da máis mínima axilidade para adaptarse á realidade cambiante e asa necesidades dos e das oleirenses, porén debuxa un escenario irreal e un mundo de perfección no que mesmo reclama ao Concello de Oleiros que sufrague o custe de ampliar os servizos até o norte do municipio.

¿Qué medidas vai tomar o Concello perante esta situación?”

9.28.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre impulso e promoción do comercio local

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“O BNG demandou en varias ocasións, e continuará a facelo, un apoio municipal decidido a este sector, fundamental desde moitos puntos de vista (como creación e fixación de emprego, transporte, consumo responsábel ou medio ambiente). Nas pasadas datas do Nadal, prodúcese un aumento do consumo, consideramos que sería moi axeitado que o Concello de Oleiros fixese algunha campaña, ao xeito doutros concellos de tamaño ou características semellantes, mesmo na nosa propia comarca, tanto de tipo divulgativo, con incentivos económicos e mesmo formativo. No BNG de Oleiros estamos dispostas a achegar ideas nesta liña, non nos consta ningunha actuación do Concello nesta liña.

¿Adoptou o Concello algunha actividade de promoción do comercio local, especialmente para o Nadal e ou período de rebaixas, ten previsto algo cara o futuro?”

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que empeza polo remate e as campañas ás que se acaba de referir o concelleiro do BNG fainas habitualmente a Xunta de Galicia e, ás veces, algunha organización empresarial, a política deste goberno municipal non pasa por dar axudas ó comercio para habilitar escaparates ou determinadas promocións; o goberno municipal non ten porque andar dando dádivas para que o período do Nadal sexa fructífera para os comerciantes deste municipio, por sorte para eles seguen subsistindo a pesares de que aquí non se programan este tipo de axudas o se fan eses alumeados fastuosos que se poñen noutros concellos.

No que expuxo sobre o tema do transporte, estase a falar dunha consellería onde a súa titular é unha incompetente, protexidas polos seus superiores, e que actúa de can de presa para morder ós alcaldes que non son do Partido Popular cunha ausencia total de actuacións que demandadas polos concellos, por certo parece que ten unha relación excelente co Concello de Abegondo e, ó mellor, habería que se preguntar o por qué.

O tema da Vía Ártabra xa é un escándalo, unha obra que se paraliza hai uns tres anos e como dixo agora o concelleiro do BNG estase previsto que haber aló polo 2027/2028, parécelle gravísimo que estea paralizada a obra durante 8 anos e non precisamente para subsanar graves anomalías no proxecto, que non viañan do goberno bipartito que tamén tivo a súa culpa, pero sí do goberno que entrou despois e que tampouco rectificou un proxecto que non prevía o paso do gas de Galicia ou a rede eléctrica en alta tensión e como remate, a sentenza da anomalía na





CONCELLO DE
OLEIROS

adxudicación da obra que foi realizada por un secretario xeral cando tiña que ser o Consello da Xunta, agora na comarca leva a culpa Cambre, que tivo parte dela.

Sobre o Torreón Bescansa, está usado polo departamento de servizos sociais e segue de momento así, no futuro xa se verá; na petición de marquesiña na Avda. Salvador Allende, estase a tramitar a contratación de varias marquesiñas para instalar e non só nesa vía; sobre os modelos de marquesiñas intelixentes, tipo as de Arteixo, dicir que xa elixiron un tipo de marquesiñas e cre que se lles pode incluír ese sistema de información das liñas, aínda que está en estudio porque parece ser que existe financiamento europeo para iso. Finalmente, en canto ó dereito á información por parte da veciñanza, dicir que é practica habitual que diariamente se contesten da orde de 20/25 correos electrónicos dirixidos á alcaldía e ó concello, ademáis da web municipal que cre que funciona de maravilla e o xornal que se distribúe cada dous meses nos domicilios, polo que a efectos de información cre que é a mellor das que existe nos concellos da comarca.

No que atinxe á senda entre Naval e Mera, levarase a cabo para uso e disfrute da veciñanza e poderase ir desde o fondo da Ría da Pasaxe ata Mera a través da costa.

O exposto polo grupo “Socialista” sobre o centro de saúde de Mera, non o contesta porque cre que está suficientemente debatido; tamén respecto ó da publicación da guía de empresas, en breve chegará ós domicilios esa ferramenta que permitirá contratar ós profesionais e empresas existentes no concello desde a propia casa, cre que esa é a mellor forma de colaborar coas empresas e autónomos municipais.

O tema da habilitación de duchas durante todo o ano nas praias municipais, dicir que a auga custa cartos e o que non van é habilitar as duchas é para lavar as taboas dos surfistas que é o que adoitan facer e habendo fontes como existen, poden facelo tranquilamente nelas.

O que non dá crédito é co exposto polo grupo “Socialista” de quen é o seu sucesor, dando leccións con primarias que dá gusto ver as coiteladas que se meten cando isto acontece nos diferentes partidos políticos; no referente a dar respostas ás iniciativas veciñais, xa dixo antes que contesta diariamente ós correos e iniciativas que se presentan e sobre o exposto do bolardo do IER Miraflores, darase conta ó departamento de servizos.

Sobre as preguntas do grupo “Socialista”, presentan no mesmo escrito cinco preguntas sobre o mesmo tema e a iso ten que lles dicir que hoxe mesmo empezaron as obras dese centro tan maravilloso que se vai facer en Oleiros, hoxe é un día de festa porque iniciáronse as obras do auditorio e como as preguntas xiran en torno a futuribles, cando vaian executándose as obras verán o que fai falla e o que non e do que estarán debidamente informados ¿Por qué non se presentaron máis ofertas para levar a cabo a obra? Esta obra está licitada e a súa publicación incluso se fixo a través do Diario da Comunidade Económica Europea e se non se presentaron máis empresas, pois descoñéceo e por sorte presentouse unha que está interesada e que ó final será quen a execute.

Inicia a quenda de respotas ás iniciativas e solicitudes presentadas polo grupo “Popular” e no que respecta a un socavón existente na Rúa da Chave, desgrazadamente cando chove fórmanse algúns e hainos en varios lugares e ás veces non se poden atender todos ó mesmo tempo e outros tamén se forman produto das obras que se están realizando ou, incluso, tamén se fan cando intervéñ a empresa de augas do concello e non se poden tapar no





CONCELLO DE
OLEIROS

mesmo momento porque de facelo pódese afundir o asfalto que se poña, así que polo menos hai qu agardar unha dúas semanas para reparalo.

A praga da procesionaria, xa se actúa e nestes días que vai tanta friaxe é o peor para elas porque baixan das árbores e cando caen nas trampas con cintas que teñen instaladas e así non poden volver subir ás árbores para danalos; no relativo ás obras de conservación do Xunqueiro, xa se falou neste plenario unha morea de veces e sempre dí o mesmo, Costas do Estado que é a administración titular e a quen lle compete e ten que arranxalo.

No exposto sobre a Rúa Leducia, pasa nota ó departamento de servizos e en canto ás obras do cruce do Sol y Mar e porque está habilitado un só carril de entrada, pois ata que rematen as obras de enriba e haxa que dar servizo ós vehículos que baixen pola Rúa Areal e ó confluír cos que veñen pola N-NI non se poden habilitar os dous carrís e como medida preventiva para evitar accidentes e cando se teñen previsto rematar, seguramente aló polo mes de febreiro cando coincidan coas eleccións, cre que seguramente por esas datas.

As obras en Sta. Cristina, xa están adxudicadas e entende que de inmediato se iniciarán; sobre o tema de falla de efectivos da Policía Local xa está tratada e no que atinxe ó Mercado Municipal, grazas ás xestións municipais abriuse unha nova carnicería, que facía falla, e outra de comida rápida, os demais xa irán vindo.

Por último, dicir que non mantén ningunha polémica coa Deputación provincial, quizáis a polémica foi do Partido Popular co goberno provincial pola remisión dunhas cartas ós domicilios, persoalmente entende que mal feito porque unha cousa é dicir que colaboran cos concellos e outra, moi distinta, é dicir que fai e non fan nada e foi o que lles dixo na institución provincial o outro día, quen as fai é o concello e a Deputación colabora, pero quen máis ten que calar neste sentido é o propio Partido Popular porque eles o fan peor, publican tódolos días catro ou cinco anuncios da Xunta de Galicia para que ó final do ano invistan nos mesmos preto de 1,8 millóns de euros en publicade pagada por todos e coa imaxe azul, ademáis do 1,9 millóns de euros que a Xunta de Galicia subvenciona a diferentes xornais e emisoras de radio.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 22.16 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en corenta (40) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e praxe do alcalde.

